



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 3. 15 de febreiro -15 de marzo de 2005. Distribución gratuíta.

O PXOM de Toques ten un total de 201 alegacións

Particulares e grupos presentaron alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal toquense. Os partidos da oposición, así como o BNG comarcal e algunhas asociacións achegaron as súas propostas para mellorar o Plan. A adaptación á nova lei urbanística e a inclusión do Camiño Primitivo de Santiago no texto son algunhas das alegacións máis recorrentes.

Pax. 14

UXT denuncia a Celta Prix e anuncia folga de lixo

Os representantes da empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo negáronse a negociar cos traballadores no acto de conciliación do 11 de febreiro. Por isto, o sindicato representante dos empregados, UXT, trasladou a denuncia á empresa Celta Prix ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Acúsana de incumplir o convenio acordado entre as partes o pasado día 8 de decembro despois de 18 días de folga.

Se a situación non cambia, UXT anuncia nova folga para finais deste mes.

Pax. 11

O documento preliminar do PORN sinala a posibilidade de que a autovía atravesese a Serra do Careón

Condiciona o paso polo LIC a que o Estado o considere de "interese xeral" para Galicia

O agardado Plan de Ordenación de Recursos Naturais da Serra do Careón (PORN) xa ten un documento preliminar. A falta das alegacións pertinentes que poderán presentar os concellos afectados por este estudo, o texto deixa aberta a posibilidade de construír infraestructuras que atravesen o LIC sempre e cando sexan declaradas de "interese xeral" para a Comunidade Autónoma de Galicia e polo Estado.

Pax. 5



Desde a Serra do Careón pódese ver a vila de Melide e tamén o seu polígono industrial

O trazado da Plataforma consegue apoios na comarca

A Plataforma "Autovía por Melide" está a realizar colectivos sociais da comarca na busca de apoios á súa proposta de trazado, presentada hai un mes na Demarcación de Carreteras do Estado. Os alcaldes de Toques e Santiso e diversas asociacións de Melide xa amosaron á súa conformidade co proxecto deste colectivo.

Pax. 4

Editorial

Radio Melide "informa"

O pasado luns día 7, o diario *El Progreso* publicaba unha entrevista a unha locutora da "nosa" emisora de radio. Ela respostaba a unha das preguntas que o entrevistador lle facía coas seguintes palabras: "desde aquí informamos aos veciños de todo o que acontece na vila puntualmente".

Lendo esta especie de declaración de principios ou de intento fallido de lavar unha imaxe cada vez máis deteriorada, non podemos menos que sorprendernos. Por dous motivos:

Primeiro; porque non entendemos que un diario cun certo prestixio como *El Progreso* publique unha entrevista deste tipo, sabendo toda a polémica que rodea á emisora e sen preguntar por ela á entrevistada, manténdose á marxe da actualidade, que é a que debe rexer os criterios de selección da información.

E segundo; porque non sabemos se é que desde Radio Melide non teñen moi claro o significado do verbo "infomar" ou é que nunca escoitaron un informativo de radio. En ámbolos dous supostos, o que está claro é que esta "nosa" emisora fai cal-

quera cousa menos informar. Un informativo componse de noticias (relatos que contan o que pasa sen ningún tipo de valoración nin de interpretación), e non de anuncios ou edictos municipais que case sempre comezan xa cunha opinión (termo que anula a denominación de noticia) do tipo "A alcaldesa, no seu empeño por acadar beneficios para Melide, reuniuse con...". Nin sequera nos medios de comunicación máis partidistas de España se atreverían a usar esas palabras na redacción dunha NOTICIA. É máis, nin sequera nos gabinetes de prensa de partidos políticos (que son partidistas porque o teñen que ser) usan uns alagos tan explícitos para a xestión dos seus representados.

Por outra banda, está o formato xornalístico das noticias radiofónicas, que en Radio Melide non existe. Por iso nos preguntamos se os encargados desa emisora escoitarían algunha vez un informativo radiofónico, mesmo dalgunha outra emisora municipal como Radio Arzúa, Radio Boiro, Radio Fene, etc.

En Radio Melide se nos le a prensa; moi útil para as

persoas que non saben ler, pero impropio dun medio de comunicación. Falásenos incluso de Iraq e do Real Madrid; interesante, pero impropio dunha emisora municipal, que debera atender as novas de ámbito LOCAL.

E o máis sangrante; os plenos da corporación non son noticia, cando deberían ser considerados como o Congreso dos Diputados para RNE ou o Parlamento de Galicia para a Radio Galega. Tampouco son noticia os diferentes puntos de vista do goberno e a oposición e, por suposto, moito menos é noticia todo o que poida molestar un pouco a ese goberno, como poden ser as asembleas veciñais convocadas por colectivos que sonan en outros medios de comunicación de carácter autonómico, como a Plataforma Autovía por Melide.

Pois ben, señores responsables de Radio Melide, iso non é infomar puntualmente do que pasa na vila. Iso é utilizar un medio de comunicación, que é de todos e que pagamos todos, como un mero taboleiro de anuncios ou mesmo un gabinete de comunicación do goberno local, pero do máis cutre.

Tribuna de opinión

A Feira do Motor

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Outro ano máis, ASETEM sente o boicot por parte do goberno local. Eventos que non existían en Melide e que, desde a nosa asociación, levamos intentando organizar desde hai anos sen atoparnos con nada máis que con trabas absurdas xustificadas coa burocracia das institucións, agora se poñen en marcha desde o Concello. Unha vez máis, e como en tantos outros temas, queren levar o mérito quen non o teñen.

Pois ben, nós non vemos mal que o Concello organice unha Feira do Motor, é máis, apoiamos a iniciativa. Só esperamos que non o fagan só por boicotear e por evitar que sexa ASETEM quen o organice, como fan habitualmente con moitas outras cousas. Só esperamos que o fagan porque cren no proxecto e porque pensan que é bo para Melide. Sen embargo, nós cremos que a Feira do Motor non vai ser como debera ser, senón que será outra "chapuza" mal feita das que xa estamos máis que fartos. E explícome.

Unha Feira do Motor, se se quere facer ben, non a pode facer calquera. Non se pode pór a persoas que

se dedican a outra cousa a organizar unha feira deste tipo porque, aínda que a súa disposición sexa moi boa e teñan moitas ganas de desempeñar ese traballo (que o dubido), non teñen a preparación necesaria para facelo ben.

O noso proxecto era ambicioso. Ían ser uns profesionais (aos que por suposto lles hai que pagar) os que se encargaran de organizar un evento en condicións, que tivera repercusións dentro e fóra da comarca, pero o Concello díxonos que ían ser eles os encargados de todo.

Moi ben, son unhas 140 persoas contra catro gatos que somos nós. Que o fagan, pero que o fagan ben. E que, en vez de copiar aos demais, que pensen un pouco e que non estean só para cobrar, que se note o amplo cadro de persoal. Por certo, se polo menos queren conseguir un aprobado, saiban que ASETEM ponse á súa disposición, pero sempre e cando se queiran facer as cousas ben, e non só mofarse dos demais.

En calquera caso, desde ASETEM desexamos todo o éxito do mundo a esa Feira do Motor.

Cerne Terra de Melide

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, baixo. 15800 Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Vanessa Martínez, Ángel Curtis, Xosé Domingos Fuciños, David Barrio, Emilio Ares, José Antonio Rodríguez, PSOE, PP e BNG de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

Melide, en decadencia

XOSÉ IGLESIAS. RESPONSÁBEL LOCAL DO BNG DE MELIDE

Este foi o título dun artigo publicado no xornal La Voz de Galicia o 2 de xaneiro do 2005. A noticia trataba da regresión demográfica en Galiza e o caso do noso concello era o máis preocupante pois perdeu 500 veciños con respecto ao último censo. Así, Melide pasa de 8.345 veciños a 7.809 no censo actual. Somos o concello de toda Galiza que máis baixou en poboación xa que perdimos o 6,42 % . Nada máis coñecer esta noticia, o BNG presentou un escrito no rexistro do concello solicitando unha

Xunta de Portavoces urxente. Pensamos que é un tema moi importante que nos debe preocupar a todos. O BNG pediulle á alcaldesa o pasado 3 de xaneiro que nos transmitise toda a información ou documentación que tivese ao respecto, que dese a coñecer a valoración que lle merecen estes datos tan negativos para o noso concello e saber qué medidas ten pensado poñer en marcha para evitar seguir perdendo poboación.

Como xa vén sendo habitual, a alcaldesa non contestou ao noso escrito e

non quixo reunirse cos tres portavoces municipais para falar deste tema. ¿Será que á alcaldesa non lle preocupa que o noso concello perda poboación?, ¿Non lle parecerá preocupante que a xuventude siga marchando fóra de Melide na busca de traballo? ¿Pensará que o Concello non ten nada que dicir ou facer ao respecto?. Visto o visto xa non sabemos se é máis grave que Melide perda tanta poboación ou a pasividade e o silencio do equipo de goberno en temas realmente importantes.

Sobre o PORN

GABINETE DE PRENSA PP DE MELIDE

O tan esperado PORN xa é coñecido polos melidenses. Vai permitir que a autovía transcorra máis preto de Melide.

A alcaldesa sorprendeu no pleno do pasado día 11 presentando o documento preliminar do PORN. Ela deixou moi claro que non quere ningún tipo de protagonismo e que polo único que esta a loitar é polos intereses da súa vila. Animou aos distintos portavoces dos grupos políticos a que fagan declaracións sobre a autovía cando teñan a información, xa que nos últimos tempos saen á palestra opinións sen sentido algún que o único que buscan e a confrontación entre veciños e administracións. É vergoñento que se estea dando fóra de Melide unha imaxe que non corresponde coa realidade.

Presentou unha enmenda que foi aprobada cos votos a favor do PP na que, entre outras cousas, insta ao Ministerio de Fomento a facer unha reunión co fin de que o novo trazado sexa consensuado por todos.

Ante a insistencia da voceira do BNG sobre o mantemento dunha xuntanza co presidente da Xunta de Galicia co obxecto de dar a coñecer a

súa postura en relación a Melide, a alcaldesa deixou moi claro que a competencia da Xunta de Galicia era a de realizar o PORN, o cal foi presentado como un documento preliminar, polo que non ten sentido algún pedir unha entrevista co Presidente. De non levarse a cabo este estudo sería inviable que a autovía se achegara máis preto de Melide. De aí o agradecemento de Ánxeles Vázquez á Xunta de Galicia.

Co PORN xa rematado o concello de Melide esixirá ao Ministerio de Fomento que presente un novo trazado que pase pola Serra do Careón.

Anxeles Vazquez Mejuto, alcaldesa de Melide, quere reafirmarse unha vez máis na loita polos intereses dos melidenses co único obxectivo persoal e profesional. O Concello de Melide e a súa alcaldesa seguirán loitando co fin de acadar o obxectivo último, que a Autovía Lugo-Santiago discorra o mais preto posible de Melide. Tanto dende esta alcaldía como do PP de Melide non se van a quitar palabras de contexto para crear ningún tipo de confrontación social, remitiremonos constantemente aos feitos e aos escritos.

Caída da poboación en Melide

MARÍA VÁZQUEZ CASANOVA. PSOE DE MELIDE

No último decenio comprobamos que o noso capital productivo nas franxas de poboación entre os 18 e os 30 anos emigra en pleno século XXI, igual que o fixeron nos anos da posguerra as xeneracións pasadas.

Malia os cambios culturais, sociais, políticos e económicos producidos nos últimos vintecinco anos, podemos dicir que a evolución nestes factores segue ancorada no pasado. Melide, como cabeceira de

comarca, debera ser un referente para a xuventude e un lugar onde a nosa mocidade, cada vez máis formada e especializada, tivera a súa oportunidade no mercado laboral, cada día máis competitivo.

Observamos e tratamos de explicarnos cáles son as circunstancias que nos levan a unha situación que en nada favorece o progreso económico de Melide coa marcha do capital humano.

Desde unha óptica obxec-

tiva, esta emigración da poboación de Melide pode deberse a unha serie de factores máis ou menos coñecidos por todos.

As perspectivas actualmente para a xuventude pasan por buscar en outros lugares o que aquí non poden atopar.

De aí que teñan que marchar a outros sitios fóra do noso entorno, contribuíndo así ao seu progreso económico e demográfico, mentres que, en Melide, sucede todo o contrario.



FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

CORREDOR DE SEGUROS

Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86



Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Silvia
Novias

**Novia- Madrina-
Comunión- Fiesta**

Ronda de Pontevedra
48, Bajo. 15800 Melide
(A Coruña)
Telf y fax: 981 507174
E-mail:
silvianovias@yahoo.es

A proposta queda incluída entre as demais alternativas que se presenten ante Fomento para elaborar o posible novo trazado

A Plataforma presenta un trazado alternativo ante Fomento e reúne aos veciños para expoñelo

O presidente da Plataforma "Autovía por Melide", J.A. Rodríguez, e un dos deseñadores do trazado, o enxeñeiro técnico Javier López, presentaban a súa proposta o pasado 11 de febreiro na Demarcación de Carreteras do Estado. Dez días despois, os veciños interesados acudiron á convocatoria deste colectivo e puideron ver, en fotografías

aéreas, a alternativa presentada en Fomento para o tramo da autovía Santiago-Lugo que discorre entre Arzúa e Palas de Rei, a 1.500 metros de Melide e a 500 metros do seu polígono industrial.

Agora, a Plataforma busca apoios a este trazado entre os distintos axentes sociais da comarca.

Redacción
Melide

O salón de reunións da Asociación de Empresarios Terra de Melide (onde se celebrou a xuntanza), encheuse o pasado 21 de xaneiro coa presenza dunhas cen persoas interesadas en coñecer a proposta de trazado elaborada pola Plataforma.

O secretario da Demarcación de Carreteras do Estado (Ministerio de Fomento), Ángel González del Río, e o enxeñeiro xefe do organismo, Álvaro Landeira, recollían esta proposta dez días antes e expresaban a súa conformidade coa maior parte do trazado achegado polo colectivo veciñal e elaborado polo enxeñeiro técnico, Javier López, e o axente inmobiliario e coñecedor do terreo da comarca, Julio Villamor.

Por isto, durante a xuntanza veciñal, o integrante da Plataforma, David Barrio, destacou no seu discurso que "temos motivos para ser optimistas porque é certo que hai un cambio" con respecto ao goberno anterior, pero tamén quixo animar aos alí presentes a "non caer en falsas victorias" e a "seguir loitando". Barrio tamén quixo aproveitar a xuntanza para afirmar que, no caso de que autovía se achegue a Melide, "o logro vai ser dos cidadáns que saíron á rúa", deixando así fóra do mérito a políticos que "ata agora non sabían por onde pasaba a autovía e que só buscan a foto".



Unhas cen persoas acudiron á xuntanza veciñal celebrada o 21 de xaneiro

A busca de apoios ao trazado está a ser fructífera

A Plataforma "Autovía por Melide" busca agora apoios á súa proposta de trazado entre diversos axentes sociais da comarca. O obxectivo que perseguen é o de "aunar esforzos para que, cando Fomento deseñe o seu trazado, teñan máis en conta esta proposta".

Ata o de agora, este proxecto conta co apoio dos alcaldes de Toques e Santiso, así como o de diversas asociacións da comarca como a ecoloxista Curuxás ou a asociación Cultural e Deportiva Terra de Melide.

Este apoio está a provocar reaccións, sobre todo, no caso do rexedor santisense Ramón Villar, que se desmarcaba dos alcaldes do Deza que rexeitan o cambio de trazado.

O concelleiro independente de Santiso, Ovidio Leiva, manifestou a súa disconformidade coa nova postura do alcalde acusándoo de cometer unha "falta de respecto aos nosos intereses e aos veciños", xa que, baixo o seu punto de vista, a autovía por Santiso convén á economía do municipio.

Pola súa parte, o alcalde de Agolada, Manuel Costa, afirmou que "non entende o comportamento" de Villar e buscou un novo apoio á súa postura no alcalde de Antas de Ulla, Javier Varela.

As características do trazado

A proximidade

A proposta alternativa para o tramo de autovía entre Arzúa e Palas de Rei presentado pola Plataforma achégase á estrada N-547, tal e como recomenda o Ministerio de Medio Ambiente na Declaración de Impacto Ambiental da devandita vía.

Achégase tamén á vila de Melide, cunha proposta de saída na zona da Madanela, a 1.500 metros do núcleo urbano.

Ademais, cumpre a expectativa de achegamento ao polígono industrial melidense, xa que transcorre a tan só 500 metros deste e conta cunha infraestrutura de unión entre o parque e a vía, en aras de mellorar as posibilidades de desenvolvemento industrial da comarca e a venda de parcelas a novas empresas.

O tipo de terreo

O 85% do seu percorrido afecta a terreos dedicados a monte. Non divide poboacións nin a éstas das súas respectivas zonas agrogandeiras, xa que coincide coa división oficial entre os Concellos de Melide, Santiso e Arzúa. Nesta zona existen menos núcleos poboacionais e, polo tanto, menos terras cultivadas e menos camiños de servizo para salvar. As parroquias polas que pasa pertencen aos municipios de Melide (Meira, Leboreiro, Furelos, Moldes, San Cosme, Santa María, Campos e San Martiño das Varelas) e de Santiso (Vimianzo, San Román e Visantoña).

Por outra banda, o terreo polo que pasa non é demasiado abrupto e só se precisaría dun túnel duns

400 metros e de catro viaductos duns 200 metros cada un.

A distancia entre puntos
O trazado proposto pola Plataforma une Arzúa e Palas de Rei cun tramo de aproximadamente vintecatro quilómetros, seis menos que o trazado oficial ata o momento, que se adentra na provincia de Pontevedra e nos municipios dezanos para unir as mesmas vilas.

O abaratamento de custos

O seu transcurso predominante por terreos destinados a monte, a redución de quilómetros entre Arzúa e Palas, e o feito de non necesitar importantes viaductos para salvar o límite de provincias de A Coruña e Pontevedra, reduciría considerablemente o custo da vía.

O documento preliminar do PORN está xa en mans do Concello de Melide e da Demarcación de Carreteras do Estado

A autovía podería atravesar a Serra do Careón se o Estado o considera de “interese xeral” para Galicia

O pleno convocado polo BNG e celebrado o día 11 de febreiro converteuse no escenario de presentación do documento preliminar do agardado Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN) da Serra do Careón. Elaborado pola Universidade de Santiago en convenio coa Consellería de Medio Ambiente, serviu como baza de contestación da

alcaldesa, Ánxeles Vázquez, á pregunta do BNG e motivo de convocatoria do pleno extraordinario: a postura da Xunta de Galicia ante o posible cambio de trazado. Para a alcaldesa, o PORN serve de proba escrita de que a Xunta apoia o achegamento a Melide da Autovía Santiago-Lugo. Agora, o Plan entra en fase de alegacións.

O BNG insiste en que a Xunta se pronuncie

O grupo presenta un escrito no Parlamento no que insta a que o goberno galego “aclare” a súa postura tralas declaracións de Fraga

Redacción
Melide

As declaracións de Manuel Fraga e dos alcaldes do Deza (explicadas nas páxinas seguintes), e a non contestación a elas da alcaldesa de Melide, motivaron a convocatoria deste pleno extraordinario por parte do BNG.

Ánxeles Vázquez contestou ao grupo nacionalista coa presentación do PORN, que considera que “é unha boa nova e acredita que a Xunta está con Melide”. Engadiu tamén o apoio amosado pola Consellería de Política Territorial na Declaración de Impacto Ambiental da

Autovía e asegurou que “eu teño feitos” (referíndose a estes dous documentos) “e non palabras” (as de Fraga ou as dos alcaldes do Deza. Ademais, quixo resaltar que a única competencia da Xunta no asunto é a elaboración do PORN e que agora, o Presidente “nin pincha nin corta”. Sen embargo, o BNG insiste en que o goberno galego exprese a súa postura ao respecto do trazado. Por isto, o mesmo día do pleno, o grupo nacionalista autonómico presentou un escrito no Parlamento galego para que a Xunta se pronuncie.

A Plataforma insta á unión dos grupos municipais

Consideran que o PORN é unha boa nova e anuncian que non se van disolver

Redacción
Melide

A Plataforma “Autovía por Melide” cre que os distintos grupos municipais deberan esquecer as

súas siglas no tema da autovía e “loitar unidos”. Sen embargo, ante “a clara división”, anuncian que van seguir loitando “ata que a autovía estea feita”.

O PORN deixa a última palabra para o goberno do Estado

Só os cinco Concellos afectados polo Plan poderán facer alegacións. O PP quere que o novo trazado sexa un consenso entre os cinco municipios

Redacción
Melide

Dentro da súa extensa redacción, o PORN sinala no seu artigo 15 que “se podrán exceptuar de esta normativa” (referida á restricción da construción de infraestructuras na Serra) “aquellas infraestructuras declaradas de interés general para la Comunidad Autónoma de Galicia y por el Estado”.

Ademais, o documento establece unha división do solo da Serra do Careón en tres tipos: de uso xeral, no que si se poden construír infraestructuras, de uso restrinxido e de uso prioritario, que terían que se cinxir ao citado artigo 15 para poder acoller a autovía. Os concellos afectados polo PORN da Serra do Careón son cinco: Melide, Santiso, Toques, Palas de Rei e Agolada.

A enmenda do PP

Só unha hora antes de dar comezo o pleno, segundo a alcaldesa, chegaba ao Concello este documento preliminar do PORN e, por iso, o grupo Popular redactou e aprobou no pleno unha enmenda de



Vista da Serra do Careón

substitución que anulou as solicitudes do BNG referidas á postura da Xunta de Galicia con respecto ao tema da autovía.

A enmenda establece tres actuacións. A primeira é o traslado do documento ao Ministerio de Fomento “co fin de dar continuidade ao estudo da autovía”, tal e como este organismo o solicitara a finais de xaneiro.

A proposta de consenso

A segunda é a solicitude de que o equipo redactor do Ministerio de Fomento manteña unha reunión con alcaldes, voceiros e técnicos dos concellos afectados “co fin de que o novo

trazado sexa consensuado” entre todos. E a terceira actuación é a petición dunha entrevista dos voceiros municipais e a alcaldesa coa Ministra de Fomento.

O que queda por facer

Agora, os cinco concellos afectados por este documento teñen a oportunidade de presentar alegacións. Despois, corresponderá ao Ministerio de Fomento elaborar un trazado alternativo ao actual se é que, como especifica o PORN, o Estado considera o paso da autovía por Melide un asunto de “interese xeral” para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Restauración da antigüedades
Tablejos e medida
Carpintería en xeral
Amaríos empotrados

maderas CANDELA

Frisos Tálitas Pateiros Puertas Colas Sarrices

Tlf: 981 50 52 86
Rúa Sablán, 103 15800 Melide (A Coruña)

Presentado este cupón, invitámolo a unha cervexa nas noites da farándula: todos os venres a partir das 23:30 h

(Válido do 15/02 ó 15/03)

Teléfono: 981 50 79 23
Avda. Toques e Friol, 23 - Melide
www.afundacion.com

O presidente Fraga contradí a dous conselleiros apoiando o paso da A-54 polo Deza

- O conselleiro de Medio Ambiente apoiou o trazado por Melide nunha visita á vila o pasado 29 de decembro.

- A Consellería de Política Territorial apoiou o cambio de trazado en numerosas ocasións.

Redacción
Melide

“A Xunta empregará todo o seu esforzo para que un trazado que me parece sumamente racional non sexa modificado”. Estas foron as palabras exactas do Presidente da Xunta en Cruces o pasado 15 de xaneiro, que respondían á pregunta do alcalde da localidade, Jesús Otero, sobre o polémico trazado. Menos dun mes antes, o conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, visitaba Melide e declaraba ante a corporación municipal e númeroso público que “eu son de Lugo e agora fago o percorrido por outro lado, pero espero, nun momento non moi lonxano, poder facelo polo seu sitio natural, que é atravesando por Melide”. Ademais, ese mesmo día, Barreiro anunciaba o próximo remate do



ARQUIVO

Manuel Fraga fixo estas declaracións en Cruces

Plan PORN, financiado pola súa Consellería coa fin de poder delimitar un corredor que permita atravesar o LIC da Serra do Careón, e declarábase confiado en que o resultado “permita compatibilizar os lexítimos intereses de comunicación de Melide co desenvolvemento da

infraestrutura”.

Pola súa parte, Política Territorial tiña manifesto en varias ocasións o seu apoio a un cambio de trazado que achegara a autovía Santiago-Lugo á vila de Melide, repondendo tamén neste sentido a unha consulta do Ministerio de Medio Ambiente.

Reacción dos diversos axentes sociais de Melide

As declaracións de Fraga non deixaron indiferente a ninguén

Redacción
Melide

ASETEM

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), José Antonio Rodríguez Álvarez, quixo lembrar a Manuel Fraga que foi el mesmo quen nun principio apoiou o cambio de trazado cando así llo solicitaron. Por outra parte, responsabilizou do “problema que agora existe” ao ex-alcalde Miguel Pampín e o seu equipo de goberno.

Plataforma

O colectivo veciñal da Plataforma “Autovía por Melide” lamentou as palabras do Presidente da Xunta e acusouno de pretender “marxinar Melide”. Incluíuno ademais na súa particular lista de inimigos da autovía, xunto con Miguel Pampín e Ánxeles Vázquez.

BNG

Os nacionalistas de

Melide consideran as palabras de Fraga “un insulto e un desprezo” cara a vila. Ademais, esixiron á alcaldesa que se pronunciara con respecto ao tema ante o pobo e ante a corporación municipal.

Partido Socialista

Este grupo dixo estar “indignado” polas declaracións do presidente, aínda que non sorprendido porque “cremos que o PP esconde algún interese nese empeño de que a autovía non pase por Melide”.

A Alcaldesa

Ánxeles Vázquez non quixo pronunciarse ao respecto das palabras de Fraga, pero declarou a través da radio municipal que “as palabras lévaas o vento” e que hai que ter en conta os feitos. Referíase á execución do Plan PORN por parte da Consellería de Medio Ambiente que, lembrou, “é a única competencia da Xunta”.



Ferrallas de
MELIDE

Ctra. Agolada, km. 1,5

15800 MELIDE (A Coruña)

Tfnos. 659 64 93 27 - 696 420 592

Fax 981 505 025

O único que lle molestaba do cambio era o trazado proposto polo Concello de Melide sen contar coa súa opinión

O alcalde de Santiso abandona o “frente dezano” e apoia o achegamento da autovía a Melide

Despois de reunirse coa Demarcación de Carreteras do Estado, acompañado polo concelleiro Ovidio Leiva e polo alcalde de Agolada, e despois de que o grupo de alcaldes da comarca do Deza ameazaran con denunciar ante Bruxelas o posible cambio de trazado, Ramón Villar desmárcase do grupo e dá o visto bo á proposta de trazado elaborada pola Plataforma “Autovía por Melide”. Segundo o alcalde, antes non podía apoiar o cambio porque o trazado proposto polo Concello era unha “cafrada”.

Redacción
Melide

A moción de Leiva

Cando o alcalde de Santiso, Ramón Villar, decidiu aprobar a moción do seu concelleiro independente, Ovidio Leiva, para apoiar os concellos dezanos na súa loita contra o cambio de trazado, moitos ficaron sorprendidos e tamén molestos. O Partido Socialista e o BNG de Melide, por exemplo, reaccionaban considerando lexítimas as reivindicacións de Santiso, pero tanto uns coma os outros engadían observacións. Os socialistas apuntaban a unha posible busca de protagonismo do concelleiro independente Ovidio Leiva, e o BNG manifestaba que, baixo o seu punto de vista, o trazado previsto por Fomento perxudica máis a Santiso que un achegamento a Melide.



Ramón Villar observa o trazado da Plataforma

Incluso a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, afirmaba no diario La Voz de Galicia que “non ten sentido e está fóra de lóxica” que o trazado “se alonxe” polos municipios da comarca do Deza.

Villar reuniuse con Fomento

Malia todas estas reaccións en contra, o alcalde de Santiso solicitou unha reunión coa Demarcación

de Carreteras do Estado para saber ata que punto é factible que o trazado previsto cambie e se achegue a Melide. A reunión celebrouse o pasado 28 de xaneiro. Ramón Villar ía acompañado por Ovidio Leiva, e polo alcalde de Agolada, Manuel Costa. Alí, o secretario da Demarcación, Ángel González del Río, explicou aos presentes que, en

todo caso, Fomento non tiña a última palabra para pasar a autovía polo LIC da Serra do Careón, senón a Unión Europea.

A división do “frente dezano”

Trala xuntanza, o alcalde de Agolada manifestou en La Voz de Galicia a intención de todos os alcaldes da comarca de seguir loitando por manter o trazado polo seu territorio e, no caso de que Fomento o cambiase, de denunciar o caso ante Buxelas, “que financia as obras e lles quitará a subvención se se entera de que dañan o medio ambiente”. Sen embargo, mentres isto sucedía, o alcalde de Santiso explicaba a este xornal o verdadeiro motivo da súa posición contraria ao cambio. Segundo Ramón Villar, o Concello de Melide presentou hai un ano a súa proposta de

trazado sen pedirlle a súa opinión, pero o itinerario toca cinco parroquias de Santiso (Pezobre, Liñares, Novela, Pezobrés e Serantes), afectando a dúas casas e varios terreos de labradío, e só a catro de Melide (San Martiño, Campos, San Cosme e Moldes). Ao alcalde, este trazado parécelle “unha cafrada”, pero está disposto a apoiar a Melide buscando un novo trazado acordado e dialogado entre os dous concellos.

A Plataforma

O 2 de febreiro, Villar reuniuse co presidente da Plataforma, J.A. Rodríguez, e con Javier López, un dos deseñadores do trazado presentado ante Fomento por este colectivo. Amosouse conforme con esta proposta e disposto a apoiala e, polo tanto, a distanciarse da loita dezaña contraria ao cambio.



HORMIGONES Carral S.L.
Sta. Mª de Veira - As Travesas
15183 CARRAL (La Coruña)
Tels. 981 69 27 29 - 981 69 27 31
Fax. 981 69 27 36



BOMBOS Y TRANSPORTES Carral S.L.
Parque Empresarial Sigüeiro
Parcela 61-B - Sigüeiro (La Coruña)
Tels. 981 69 10 74 - 981 69 27 31
Fax. 981 69 49 41



HorMelide S.L.
Ctra. de A Golada, km. 1,5
15800 Melide (La Coruña)
Tel./Fax. 981 50 50 25

"Garantía de Calidad Certificada en Hormigones y Bombeos"

PRODUCTOS:

- Fabricación de Hormigón
- Morteros Estabilizados
- Servicios Bombeo

SERVICIOS:

- Una gran flota de Hormigoneras a su servicio
- 9 Autobombas de Hormigón (hasta 52m/pluma)
- Servicio de Asesoría personalizado
- Experiencia contrastada
- Control exhaustivo de todos nuestros productos
- Análisis periódicos y rigurosos
- Suministradores de las más importantes Empresas Promotoras y Constructoras de España

Alquiler de Bombas hasta 52 metros en toda Galicia



www.hormigonescarral.com
administracion@hormigonescarral.com



A Unidade de Acción Formativa de Melide oferta cinco cursos

En Galicia só existen tres centros máis das mesmas características; en Ames, Negreira e Monforte de Lemos

Redacción
Melide

Cociñeiro/a, camareiro/a, auxiliar de enfermería en xeriatría, atención especializada a enfermos de alzheimer e axuda a domicilio. Son as cinco ofertas que para este ano poden aproveitar todos os interesados en aprender un oficio de xeito totalmente gratuito, con profesores especializados e cunha retribución duns cinco euros ao día a percibir polo alumno.

Os requisitos son mínimos. Tan só é necesario ser demandante de emprego, non estar cotizando á Seguridade Social e estar en idade de traballar, é dicir, entre os 16 e os 65 anos.

Cada curso ten un máximo de 15 prazas, que normalmente se cubren en todos os cursos. Para apuntarse non hai máis que encher a solicitude e cubrir un pequeno cuestionario que servirá para facer a selección no caso de que haxa máis demanda do que oferta.

Segundo o director dos cursos, Rafael Guerrero, o que prima á hora de seleccionar a un alumno e non a outro é só a "vontade de aprender".



Alumnos do curso pasado do módulo sanitario

A finais deste mesmo mes darán comezo as clases dos cursos de camareiro/a e de cociñeiro/a, este último único en Galicia das súas características.

Certificación profesional
Os alumnos que rematan o curso correspondente obteñen o diploma da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, organismo do que depende a Unidade de Acción Formativa (UAF). E con él, os interesados poden acceder ao carné profesional que outorga o Instituto Galego das Cualificacións previo paso por un exame. Pero, sobre todo, os alumnos saen do centro "perfectamente preparados" para desempeñar o oficio que aprenderon segundo Rafael Guerrero, quen

tamén afirma que o máis importante á hora de conseguir un emprego é "ter ganas de traballar".

Estadísticas

Nos últimos sete anos, nos que a UAF está a traballar a pleno rendemento, aproximadamente un 80% dos alumnos que pasaron por ela foron mulleres e, se nos referimos á área sanitaria, chegan practicamente ao 100%. A idade media do alumnado está entre os 28 e os 30 anos e o 60% son de fóra de Melide (Arzúa, Sobrado, e incluso Vigo e A Coruña).

Espectativas

O director dos cursos, Rafael Guerrero agarda que, para o vindeiro ano, poidan ofertar dous cursos máis; un de dependente/a e outro de empregado/a de axencia de viaxes.

Matrona e cursos parto no Centro Médico de Melide

As embarazadas da comarca tiñan que ir a Santiago para recibiren esta atención

Redacción
Melide

Desde o pasado 31 de xaneiro, as mulleres de Melide, Santiso e Toques que se atopan "en estado de boa esperanza" xa non teñen que ir ata Santiago para levar o pertinente control do embarazo. Unha matrona atende no

Punto de Atención Continuada de Melide ás futuras mamás da comarca. Ademais ofértanse tamén as clases parto para o centenar de mulleres que cada ano dan a luz no municipio, segundo información do Concello de Melide.

A alcaldesa solicita a Sanidade un heliporto e unha ampliación do PAC

Ata o de agora, a nova matrona comparte espazo con fisioterapia

Redacción
Melide

O conselleiro de Sanidade, José Manuel González Álvarez, amosou "boa disposición" e anunciou que dará "unha resposta en breve". Estas foron as palabras da alcaldesa trala súa reunión co titular de Sanidade o pasado 2 de febreiro.

Ánxeles Vázquez acudiu a Santiago para solicitar do organismo público unha partida duns 52.000 euros para a construción dun heliporto na parte traseira do Punto de Atención Continuada (PAC), que permita unha aterraxe sen problemas dos helicópteros de emerxencias.

O Concello achegaría o terreo, de propiedade municipal, e as obras correrían a cargo da Consellería.

As actuacións necesarias para a instalación serían o axardinamento da parcela para evitar que se levante pó coa chegada ou despegue dos helicópteros, a construción dunha pista

de acceso ao heliporto coa súa conseguinte sinalización, e o acondicionamento do lugar de aterraxe cunha circunferencia de formigón.

Ata o momento, os helicópteros de urxencias que chegan ao Centro Médico teñen que aterrizar na parte dianteira do mesmo, coa súa conseguinte dificultade dada polo feito de tratarse dunha rúa aberta ao tráfico e pública, cos seus correspondentes cabos de tendido eléctrico, teléfono, etc.

Ampliación do Centro
Ánxeles Vázquez tamén solicitou unha partida á Consellería de Sanidade para ampliar as instalacións do Centro Médico ou reorganizalas. O motivo vén dado pola chegada do novo servizo de matrona, que ata agora está a compartir espazo co departamento de fisioterapia coas conseguintes dificultades de organización. Pola súa parte, o conselleiro prometeu responder "en breve".

CURSOS 2005

	DURACIÓN
-Cociñeiro/a	1.045 horas - 11 meses
-Camareiro/a de restaurante/bar	829 horas - 9 meses
-Auxiliar de enfermería en xeriatría	594 horas - 6 meses
-Auxiliar de axuda a domicilio	454 horas - 5 meses
-Coidados específicos a enfermos de alzheimer	259 horas - 3 meses

Cursos gratuitos na Unidade de Acción Formativa de Melide
R/ Doutor Fleming 4. Tlf: 981 50 77 42

A oposición non coñece aínda o estado de execución do orzamento do ano pasado

O BNG solicita información ao respecto

Redacción
Melide

O grupo nacionalista de Melide presentou un escrito á alcaldía o pasado 18 de xaneiro preocupándose polo estado de execución do orzamento municipal de 2004. Basean esta petición no artigo 207 da Lei Reguladora de Facendas Locais, que dictamina a necesidade de informar periodicamente ao pleno da corporación da execución dos orzamentos coa regularidade que estableza o pleno. O BNG afirma que “xa que o pleno da corpora-

ción non estableceu ningunha periodicidade, enténdese que, alomenos ao remate do ano, Intervención debe informar do estado do orzamento”.

No pasado pleno ordinario do 29 de decembro, o grupo nacionalista preguntou ao equipo de goberno sobre este tema sen obter resposta. Agora, ademais, preguntan cando se vai tratar o orzamento de 2005, “pois comezou o novo ano sen que se teña falado nada sobre tan importante tema”.


Celta Prix non acude a declarar na causa da denuncia aos catro edís do PP

Isto retrasa a quenda de comparecencia dos concelleiros melidenses

Redacción
Melide

O pasado 12 de decembro, a empresa Celta Prix era chamada a declarar no Xulgado de Instrucción número 1 de Arzúa debido á denuncia posta polo sindicato UXT aos catro edís populares do Concello de Melide, que recolleron o lixo das rúas durante a folga de novembro. A

xuíza estableceu unha segunda data de comparecencia para o pasado 2 de febreiro, pero o representante da empresa tampouco acudiu, alegando unha enfermidade do avogado. O xulgado establece agora unha terceira cita trala que, de non acudir, podrá ser declarado en rebeldía. Despois, terán a vez os catro edís denunciados.



Construcciones
Pambre S.L.

Especialidad en
Rehabilitación

C/ José Ramón
Fernández Castro s/r
Melide (A Coruña)
Tfno: 670 07 07 90

O BNG denuncia a Radio Melide ante o Valedor do Pobo

Esta institución xa deu o primeiro paso de xaneiro, quen achegou numerosa documentación que pretende servir de proba da suposta discriminación que practica a emisora e do seu mal funcionamento.

Redacción
Melide

O obxectivo desta queixa formal é o de que “o equipo de goberno entenda que Radio Melide non lle pertence, pois trátase dunha emisora municipal que é un ben público no que todos os grupos políticos con representación municipal, en particular, e a sociedade melidense, en xeral, deben ter presenza”. O Valedor do Pobo admitiu a trámite a queixa do BNG melidense, na que acusa ao goberno local de facer “uso exclusivo e partidista” de Radio Melide desde 1.995, e de non querer cambiar a situación a pesar das súas numerosas queixas e demandas.

Unha queixa documentada

Para isto, a voceira nacionalista achegou escritos rexistrados no Concello solicitando formalmente intervir na radio local, que



Soqui Cea entregou a documentación á vicevaledora do pobo

non prosperaron, e outros que conteñen queixas sobre o funcionamento da emisora: a non difusión dos comunicados do BNG, a non cobertura dos debates plenarios nin das propostas dos grupos da oposición e a non lectura das noticias de prensa que teñen que ver coa oposición ou que critican a xestión do goberno local. Por outra parte, os nacionalistas achegaron tamén

documentación que demostra que desde 1995 seguen sen crearse en Radio Melide, os Consellos de Emisión e de Dirección.

O PSOE quiere coñecer o réxime xurídico

Na mesma liña, o Partido Socialista solicitou á Secretaría do Concello, o pasado día 1 de febreiro, un informe que defina o réxime xurídico da emisora e os seus usos.

UXT esixe a Correos que garanta a seguridade dos traballadores

O sindicato espera que a morte de M^a Vita Castro sexa a última

Redacción
Melide

A traballadora de Correos de Melide, M^a Vita Castro Mosteiro, de 60 anos e veciña de Moldes, morría o pasado 19 de xaneiro atropelada por unha excavadora na empresa Canteiras Rechinol. Ese mesmo día, Coreos comunicou a esta empresa que non se lle entregaría máis correo ata que non instala-

ra un buzón na entrada da explotación.

O sindicato lamenta a falta de previsión por parte da empresa destes accidentes, e aseguran que o mesmo perigo que corría M^a Vita o corren diariamente outros traballadores que teñen que entrar a deixar o correo no interior de zonas con actividades potencialmente perigosas como portos, polígonos indus-

triais, etc. Para este sindicato, a instalación de buzóns no límite das propiedades privadas deba ser obrigatoria.

Por todo isto, UXT agarda que “a morte en accidente laboral da nosa compañeira sexa a última”, e esixen á Dirección de Correos de Galicia que acometan “as reformas necesarias para garantir a saúde dos seus traballadores”.

O BNG quiere que os grupos políticos do Concello doen unha das súas mensualidades a Asia

Así o solicitarán no próximo pleno

Redacción
Melide

O grupo municipal do BNG vai outorgar unha mensualidade dos seus catro concelleiros á catástrofe provocada polo tsunami no sueste asiático. E ademais solicita dos demais grupos políticos que fagan o mesmo, é

dicir, “que unha das mensualidades fixadas para cada grupo sexa destinada a esta causa”.

No próximo pleno obterán resposta da corporación a esta moción, na que tamén solicitan que e inclúa unha partida económica para ONG's presentes en Asia nos orzamentos de 2005.

O velorio seguirá en obras ata fin de mes

Falta a porta de entrada e o frío

Redacción
Melide

A finais de febreiro está previsto que rematen as obras do velorio municipal, co que os melidenses poderán velar os seus falecidos fóra da casa familiar. Trátase dunha obra moi demandada polos veciños, segundo o Concello, xa

que evita moitas molestias aos familiares dos finados. Están terminados os exteriores e, neste momento, estáse a instalar o frío nas cámaras mortuorias, procedente dunha empresa de Barcelona, e a porta de entrada ao local que, segundo a alcaldesa, é “un tanto especial”.

A alcaldesa pide a Agricultura a concentración parcelaria de varias parroquias

Tamén orzamento para un centro social en Campos

Redacción
Melide

Ánxeles Vázquez reuniuse o pasado 11 de xaneiro co conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes, para “dar a coñecer a situación do rural de Melide”. Na xuntanza, a alcaldesa solicitou ao conselleiro que se leve a cabo a concentración parcelaria nas parroquias de Baltar, Grobas, Golán e Santalla. Estas limitan coas parroquias de Maceda e Orois, onde si existe unha concentración parcelaria de 1.119 hectá-

reas a piques de rematar. Nestes momentos, a Consellería está a realizar un estudo de viabilidade da concentración nas parroquias de Baltar e Grobas que, segundo a alcaldesa, “vai por bó camiño”. Sen embargo, nas outras dúas parroquias no existe de momento ningunha actuación institucional.

Por outra banda, Ánxeles Vázquez solicitou ao conselleiro unha partida económica para construír un centro social en Campos, pero aínda non obtivo resposta ao respecto.

Novo firme en varias rúas e unha praza na rúa Garceiras

A Deputación de A Coruña financia estas obras con case 125.000 euros

Redacción
Melide

Melloras na zona da Martagona, obras no Polideportivo Municipal e o acondicionamento dunha nova praza na rúa Garceiras. Son as principais actuacións levadas a cabo coas obras do Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación.

Mellorouse o firme das rúas Martagona e Emilio Pardo Bazán, así como o acceso ao núcleo de Piñeiros.

No Polideportivo, cambiáronse as portas e substituíuse o pavimento de loseta de formigón por un



Estado actual da Praza Gaiteiros Garceiras, en obras

de loseta vinílica.

A nova praza

A obra e maior investimento económico é a da Praza Gaiteiros Garceiras, cunha partida de 59.908

euros, dos que o 80% o achega a deputación, o 15% o Ministerio de Administracións Públicas, e o 5% o Concello de Melide.

Comezadas as obras de saneamento do río Furelos

Ao punto limpo provisional fáltanlle os colectores

Redacción
Melide

A recollida dos residuos que van ao río está xa en marcha. Milleiros de tubos, que podemos ver estes días nos arredores do río, canalizarán os verquidos e permitirán o saneamento das augas e un futuro cese da contaminación. Como anunciabamos o mes pasado, estas obras teñen un custo de máis de dous millóns de euros que vai financiar integramente a Consellería de Medio Ambiente. O pasado 29 de decembro, o conselleiro Xosé Manuel Barreiro e maila alcaldesa Ánxeles Vázquez, asinaban este acordo de colaboración no salón de plenos do Concello e Barreiro comprometéase a que, no prazo dun ano, as obras estean rematadas, incluída da ins-



Tuberías de saneamento nos arredores do Furelos

talación da nova Estación Depuradora de Augas Residuais.

O punto limpo

No mesmo encontro, o titular de Medio Ambiente comprometéase a instalar en xaneiro un punto limpo provisional, para que tanto empresas como particulares poidan desfacerse correctamente dos resi-

duos que non teñen cabida nun colector común.

Sítuase preto do antigo vertedoiro mentres non se faga a segunda fase de ampliación do polígono, onde se reservarán entre 3.500 e 4.000 metros para a súa instalación definitiva. Ao peche desta edición, o punto limpo aínda non estaba operativo.

Os pais de alumnos do IES poden ver as faltas dos seus fillos por Internet

O Instituto de Melide, pioneiro en Galicia no uso dun novo sistema de xestión docente



O director do IES conecta a súa Unidade na Central

Redacción
Melide

Desde xaneiro, aos 630 alumnos de Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos do IES de Melide non lles resulta fácil facer todas esas cousas que todos fixemos algunha vez -como faltar de vez en cando a algunha clase ou distraer aos compañeiros na aula- sen que se enteren os pais practicamente en tempo real.

Isto "gracias" a un novo sistema de xestión docente que permite levar toda a información referente a cada alumno á páxina web do centro no mesmo día en que se produce. Despois, os pais só teñen que marcar un contrasinal persoal e acceden directamente a esa información a través da rede.

O sistema proporciona unha empresa de Elche e funciona xa en varios centros do levante español. En Galicia, o primeiro foi o Instituto de Ribadeo, e o segundo, o de Melide, aínda que agora xa está a funcionar en institutos de A Coruña.

Cada profesor leva á aula que lle toque en cada momento, unha Unidade

Persoal (UP) -coñecida cariñosamente entre os alumnos como Tamagochi- na que anotan as faltas e todas as incidencias que cada alumno teña nesa aula. Ao final da xornada, cada profesor conecta esa UP nunha Unidade Central que envía a un ordenador a actualización dos novos datos e os inserta na páxina web. Deste xeito, un pai/nai ten información nova sobre o seu fillo diariamente.

Isto axiliza o sistema anterior, co que o titor se encargaba de recoller todas as actas escritas, darllas ao conserxe e logo examinalas para enviar cartas aos pais cunha frecuencia quincenal.

Ademais, existe un correo electrónico que permite a comunicación directa entre profesores e pais/nais de alumnos.

O novo sistema permite incluso enviar mensaxes SMS aos móbiles dos pais/nais, pero ata o momento, só están utilizando este servizo en "casos especiais", segundo contou a este xornal o director do centro, Xabier Garabal.

UXT leva a Celta Prix ao Tribunal Superior e anuncia folga para finais de febreiro

Os representantes da empresa negáronse a negociar no acto de conciliación do pasado día 11 de febreiro polo conflito da recollida do lixo

Redacción
Melide

Desde que o pasado 8 de decembro, empresa e traballadores puxeran fin a 18 días de folga coa sinatura dun acordo laboral, a empresa non cumpriu ningún dos apartados do mesmo, segundo informa o sindicato UXT. Isto significa que non se materializou a suba salarial de 100 euros de media mensuais por traballador, nin tampouco se ingresou nas contas dos empregados o plus de 300 euros acordado entre as partes.

Por todo isto, UXT levou o caso ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais, onde se emprazaba ás partes a un acto de conciliación o pasado 3 de febreiro ao que os representantes da empresa non acudiron alegando enfermidade do avogado de Celta Prix, F. Alonso Junquera. O día 11 tiñan unha segunda oportunidade de conciliación cos traballadores, concedida de novo pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, pero os representantes da empresa, aínda que acudiron ao acto, negáronse a negociar, segundo afirma o uxtista David Barrio.

Convocatoria de folga

Agora, UXT traslada a demanda ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e anuncia folga para finais deste mes. O feito de non convocala de inmediato vén dado por dous motivos. O primeiro é que aínda non teñen decidido se a folga será indefinida ou non, e o segundo é a expectativa de mediación no conflito dos alcaldes dos municipios lucenses afectados.



Barrio entregou no Concello unha reclamación previa

UXT e PSOE instan ao Concello de Melide a mediar no conflito

O delegado do sindicato na comarca de Melide, David Barrio, entregaba un escrito no rexistro do Concello a finais de xaneiro. Nel se informa ao goberno local da situación dos traballadores de Celta Prix e serve tamén de reclamación previa á vía xurisdiccional, tanto para a súa vertente de empresas subsidiarias da concesionaria como para a súa intermediación.

Pola súa parte, o Partido Socialista insta ao Concello melidense a crear unha delegación de alcaldes de Concellos afectados na provincia de A Coruña (entre eles Santiso e Sobrado) co fin de mediar no conflito para evitar a folga de recollida e as súas consecuencias para os veciños.

Ata o momento, nin o partido nin o sindicato recibiron resposta da corporación. Pero o precedente da non mediación durante a folga de finais do ano pasado fai que ámbolos dous grupos non confíen na posibilidade de intervención do Concello de Melide.

Os alcaldes lucenses dispostos a mediar

A posible folga de recollida do lixo vai afectar tamén a seis municipios da provincia de Lugo. Os alcaldes destas localidades amosaron a súa preocupación pola situación.

O rexedor de Friol, Antonio Muíña, anunciou que van adoptar "medidas conxuntas drásticas para procurar un servizo aos veciños polo cal pagan".

Á par, a alcaldesa de Guitiriz, Regina Polín, amosou tamén a súa inquedanza, a pesar de que este Concello non renovou a concesión a Celta Prix, pero o seu contrato dura ata abril e tería que sufrir as consecuencias da folga.

Empresa conflictiva tamén fóra de Galicia

Celta Prix ten xerado polémica noutras ocasións. Ultimamente, a concesionaria galega está a recibir críticas do Partido Andalucista na localidade de San Juan del Puerto, en Huelva. Tamén provocara unha folga en Lalín en xuño de 2004 e outras recriminacións e protestas en Silleda, Terra Chá, Burela, Chantada, e outros municipios onde foi concesionaria do servizo.

Melide perde case sete veces máis poboación no último ano que nos cinco anos anteriores

De 1.999 a 2.003 perdeu 85 habitantes e no 2.004 perdeu 536.
 O resto da comarca e as vilas colindantes perden tamén poboación pero cunha progresión moito mais leve.
 O Concello de Santiso destaca como o que acusa menor perda de habitantes.

A maior perda de habitantes de Galicia

Redacción
 Melide

Foi en 2.002 cando a poboación do Concello de Melide empezou o seu crecemento negativo. Ata entón, o número de habitantes, aínda que moi paseniñamente, ía medrando. 32 melidenses máis había en 2.001 que en 1.999, pero nese mesmo ano “despareceron” do censo 81 persoas. A partir de aí, a tendencia foi a mesma. En 2.003, 38 melidenses menos e, en 2.004, produciuse o gran salto de 8.345 a 7.809 habitantes, 536 persoas que, por unhas causas ou por outras, deixaron de estar censadas no Concello de Melide. Isto convirte a esta vila na que maior perda de habitantes rexistra en Galicia no ano 2.004. Así desmárcase da perda de habitantes leve á que tende a comarca e as vilas colindantes.

Poboación na comarca nos últimos cinco anos




Gráfico 1

Comparación coas vilas colindantes




Gráfico 2

Datos

HABITANTES DA COMARCA

Ano 1.999	
Melide.....	8.430
Santiso.....	2.319
Sobrado.....	2.541
Toques.....	1.640
Ano 2.000	
Melide.....	8.441
Santiso.....	2.282
Sobrado.....	2.518
Toques.....	1.626
Ano 2.001	
Melide.....	8.462
Santiso.....	2.262
Sobrado.....	2.468
Toques.....	1.618
Ano 2.002	
Melide.....	8.383
Santiso.....	2.286
Sobrado.....	2.434
Toques.....	1.573
Ano 2.003	
Melide.....	8.345
Santiso.....	2.249
Sobrado.....	2.400
Toques.....	1.550
Ano 2.004	
Melide.....	7.809
Santiso.....	2.212
Sobrado.....	2.360
Toques.....	1.530
VILAS COLINDANTES EN 2.004	
Arzúa.....	6.632
Palas.....	3.909

Muebles PAULA

EL CENTRO DEL MUEBLE EN EL CENTRO DE GALICIA

Teléfono: 981 50 57 59
 Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
 15800 MELIDE (A Coruña)

centro comercial **ares** FERRERÍA
 Renda da Coruña, 33 - 15800 Melide (A Coruña)
 Tfnos: 981300023

Un reto hacia el futuro.

Gracias por vuestra confianza.

Calificación. **Rointo**

El calor de su Hogar
 Todos los sistemas para solucionar la calefacción individual.

ASETEM

Unha interpretación comercial

Desde a Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), analizaron estas cifras tendo en conta sobre todo a súa repercusión económica no comercio e na industria da vila.

As estatísticas realizadas por entidades comerciais como a Federación de Comercio da provincia de A Coruña determinan que as familias melidenses teñen unha media de catro membros. Polo tanto, se en 2004 deixaron de formar parte do censo da vila 536 persoas, significa que 134 familias deixan de mercar roupa, cortinas, pan, víveres, gas, ... en Melide. Tampouco van tomar os viños nos bares da vila nin comer nos restaurantes. En definitiva, 134 familias que deixan de formar parte, activa ou pasiva, do tecido industrial e comercial melidense.

Ademais, outras estatísticas realizadas polos mesmos organismos sinalan

que en Melide hai unha media de 20 comercios por cada 1.000 habitantes, o cal supera a media da provincia (15 comercios por cada 1.000 habitantes) e supera tamén con moito a media europea (9 por 1.000).

Isto significa que, en relación co número de industrias que existen e o poder adquisitivo da poboación, en Melide sobra comercio, pero faltan postos de traballo e benestar. Algo que só podería vir dado, segundo ASETEM, por un maior tecido industrial.

Desde esta asociación quere denunciarse a falta de vontade política dos gobernantes para realizar actuacións que atraian á vila a empresas fortes, industrias e organismos que xeneren riqueza e postos de traballo, que eviarían a fuxida de habitantes que fai que Melide vaia agora "en caída libre".

Só con vontade política se pode arranxar a situación.

Opinión

Melide vai ben

EMILIO ARES RICO

Melide vai ben. Temos un dinamismo socioeconómico natural, estamos orgullosos dos nosos maiores, non recoñecemos o noso sacrificio para poder saír adiante, emigramos, afrontamos incertidumes e sufrimos éxodos. E facémolo. Cambiamos de profesión, de lugar de traballo, e tamén o facemos. Vemos como Lalín, Ordes ou Arzúa lévannos todos os servizos e calamos. Por iso o melidense non considera rendible a queixa, emigra, emprende, traballa, cambia, evoluciona sen buscar alternativas. Así se construíu o Melide dos últimos quince anos e, cando veu alguén, non soubemos tenderlle unha man, cando notificamos que o noso sistema fallaba viráronnos a cara e, por riba de todo, a imaxe externa que creamos con estas actitudes dinos que a nosa vila ten mala prensa, escaso crédito nos foros políticos, imaxe de autén-

tics caciques coa única vía de non xerar emprego, que se pode converter en cultura, e habendo cultura nun sistema atrasado pode haber perda de votos. Podemos estar orgullosos. "Mellid" ten fóra unha gran imaxe que temos que seguir aproveitando. Eliminar esa mala prensa depende de que as autoridades políticas rachen co pasado. Non nos podemos permitir o teatro que as autoridades nos venderon. Menos viaxes inútiles e sen programación e máis axuda ao tecido industrial, agrícola, comercial, hostaleiro e turístico que temos na nosa comarca.

Menos senadores, menos coroneis e máis deputados, máis sarxentos, que son os que realmente conviven cos nosos problemas. Menos teatro. É hora do cambio, da melloría. Señora alcaldesa, de vostede depende.

Os políticos opinan

Partido Popular

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, asegura que na vila vive moita máis xente da que está censada, xa que iso é o que reflicten, por exemplo, as nóminas de pacientes desprazados dos médicos da vila. Os emigrantes retornados supoñen, segundo a alcaldesa, centos de persoas que viven aquí pero están censadas noutra cidade, sobre todo Madrid ou Barcelona.

Para Ánxeles Vázquez, é preciso pór en marcha unha campaña informativa para acadar que estas persoas se censen; e ofrecerlles tamén incentivos, por exemplo, descontos en servizos municipais, preferencia en vivendas de protección, etc.

BNG

Este grupo considera que, o feito de ser Melide o concello galego que máis poboación perdeu, "é un dato moi preocupante". Por iso, o pasado 18 de xaneiro solicitou á alcaldía a convocatoria dunha Xunta de Voceiros Urxente para analizar a situación entre toda a corporación municipal.


PSOE

Aos socialistas parécelles un dato moi negativo, pero sen embargo, cren que "non é de estrañar", xa que "a nosa xuventude non ten onde ingresar no mercado laboral, éste é moi escaso e pouco retributivo".

Ademais, consideran que os dirixentes de Melide "nunca tiveron conciencia" para tomar medidas que solucionaran o problema "no seu momento" e agora, opinan, "atopámonos nunha situación complicada e de difícil solución".


PERDA DE HABITANTES EN 2004

Melide.....	536.....	6,86%
Santiso.....	37.....	1,67%
Sobrado.....	40.....	1,69%
Toques.....	20.....	1,31%



PERDA DE HABITANTES DESDE 1999

Melide.....	621.....	7,37%
Santiso.....	107.....	4,61%
Sobrado.....	181.....	7,12%
Toques.....	110.....	6,71%



Unha vez estudadas polos técnicos competentes, irán ao pleno da corporación municipal

O PXOM de Toques conta con 201 alegacións presentadas por grupos e particulares

Os dous grupos da oposición (PSOE e AIT), o BNG comarcal, o Sindicato Labrego Galego e a Asociación Cultural A Toca son algúns dos colectivos que presentaron alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado inicialmente o 26 de novembro e exposto ao público ata o pasado 15 de xaneiro (durante o prazo mínimo legal dun mes). Todos estes grupos coinciden nunha alegación, que é a de adaptar o PXOM á nova Lei de Ordenación

Urbanística e Protección do Medio Rural, Lei 15/2004 de 29 de decembro, que deroga á anterior Lei 9/2002, pola que se rexeu a elaboración do Plan.

No caso concreto do PSOE de Toques, é ésta a única alegación que presentan. Esta nova ordenanza, entre outras cousas, flexibiliza e modifica os usos permitidos en solo rústico e redefine determinadas categorías deste tipo de solo.

O Sindicato Labrego Galego

Esta agrupación engade á esixencia de adaptación do texto á nova Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, outras alegacións máis concretas.

Unha delas refírese á diferenciación entre invernadoiros de estrutura fixa e desmontables, tal e como se recolle nun acordo entre varias organizacións agrarias e a Consellería de Agricultura. Deste xeito, alegan que “o cadro de usos constructivos se refira tan só aos invernadoiros de estrutura fixa”, podendo así os veciños instalar invernadoiros desmontables unicamente cunha licencia de actividade e non de edificación.

Por outra parte, o SLG alega que se engada no texto a regulación das distancias sobre plantacións de eucaliptos, piñeiros, etc., atendendo “ás diferentes especies e aos perigos que poden comportar para a actividade agropecuaria ou en caso de lumes”. Tamén propoñen incluír no proxecto unha regulación do uso do purín, coa fin de “pór en valor determinadas prácticas de abono naturais e agronomicamente beneficiosas para o entorno”.

Ademais, coinciden co BNG nunha alegación referida ás actividades de forestación en Solo Rústico de Protección Agraria (SRPAG).



A inclusión no Plan da estrada Vilamor-Vilouriz é unha das alegacións de AIT

O BNG comarcal

Ao igual que o SLG, os nacionalistas propoñen incluír no PXOM o seguinte texto: “En Solo Rústico de Protección Agraria (SRPAG) non se poderán levar a cabo actividades de forestación. En canto ás superficies forestadas que existan na data de entrada en vigor deste PXOM, daráselles tempo de crecemento e unha vez procedida á súa tala estes terreos pasarán a dedicarse a actividades agropecuarias”.

Por outra parte, este grupo presenta alegacións referidas ao estudo do medio rural, que consideran “incompleto”. Medidas activas contra o abandono da actividade agraria e o despoboamento rural, un estudo socioeconómico do medio e a inclusión da presenza humana na análise da situación ambiental son algunhas das alegacións deste grupo. Ademais, entenden que se debe facer unha delimitación específica das zonas de protección do patrimonio e incluír nelas o Camiño Primitivo.

A Asociación Cultural “A Toca”

Este grupo considera un “grave erro” a non inclusión do Camiño Primitivo no Catálogo do PXOM. Por iso, solicitan a inclusión desta ruta ao seu paso polo concello de Toques.

Independentes por Toques

AIT considera que o PXOM amosa non comprender “a verdadeira realidade do territorio, da súa poboación e da súa evolución nos últimos anos”. Por isto, este grupo da oposición toquense solicita que o Plan volva a súa fase de aprobación inicial e se faga unha “modificación esencial” do mesmo. Cren necesaria unha nova delimitación de núcleos rurais porque consideran que “non só se aminora a posibilidade de edificar senón que se potencia a non edificación”. Consideran inapropiado o tratamento do solo urbanizable porque, entre outras cousas, “priva aos cidadáns da posibilidade de construír en zonas xa construídas e impide o crecemento residencial natural”.

Ademais, os solos industriais tampouco os consideran apropiados por atopárense moi preto das vivendas e porque non se ten en conta o acceso a vías de comunicación “fundamentais para o desenvolvemento como será a futura autovía Santiago-Lugo”.

En canto ao solo rústico integrado na Rede Natura, AIT propón botar man da nova lei, que permite nos municipios con máis dun 40% de superficie vinculada a espazos protexidos (como é Toques), outorgar a espazos lindantes co solo de núcleo rural, outra clasificación. Para este grupo, a explotacións gandeiras dentro do solo protexido, como o lugar de Samil, na parroquia de Vilamor, “debería outorgárselles a

clasificación de solo rústico de protección forestal”. Por outro lado, para AIT o solo urbano está clasificado “atendendo a razóns pírricas e políticas”, xa que aparecen dentro desta clasificación parcelas que non dispoñen dalgúns dos servizos necesarios para tal fin, como son o acceso rodado, alumeado, auga,... En canto á estrutura viaria, AIT denuncia a non inclusión dentro do Plan da estrada de Vilamor-Vilouriz, segundo eixo de comunicación máis importante do municipio e unha das conexións con Melide e Palas. Ademais, nesa parte do municipio habita o 30% da poboación. Por último, denuncian tamén, como o BNG e A Toca, a non inclusión do Camiño Primitivo no Plan.

18 millóns de euros para infraestructuras en pequenos Concellos

Santiso Miramontes anunciou este novo Programa de Cooperación para o presente ano

Redacción
Santiso

O conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural presentou, durante a súa visita a Santiso, a posta en marcha durante este ano dun Plan de Cooperación para Infraestructuras Rurais, dotado cunha partida de 20 millóns de

euros, dos que o 90% se investirán nos municipios de menos de 15.000 habitantes.

Son un total de 18 millóns de euros para pequenas poboacións co obxectivo, segundo a Consellería, de “incrementar as posibilidades de calidade de vida e de atracción empresarial do medio rural”.

O Mosteiro e a Lagoa de Sobrado incluídos no programa Leader Plus

O proxecto de recuperación de espazos no entorno do Mosteiro e a Lagoa recibirá axudas da UE

Redacción
Sobrado

A totalidade do pleno da corporación municipal de Sobrado aprobou, o pasado 13 de xaneiro, a inclusión das obras do Mosteiro e a Lagoa no programa Leader Plus da Unión Europea (UE). Trátase dunha iniciativa comunitaria para o desenvolvemento dos territorios rurais da Unión, que ten como un dos obxectivos básicos o de paliar os problemas endémicos que

afectan ao mundo rural, coma o envellecemento da poboación e o éxodo rural, que provocan a perda de empregos nas aldeas e nas vilas.

Ademais, o pleno sobradés aprobou tamén a execución dunha primeira fase deste proxecto, consistente na obra do “Paseo Lacustre”, cun orzamento de 175.000 euros, dos que, como mínimo 91.000, van ser solicitados ao programa Leader Plus.

Rexistro de Asociacións en Sobrado

O regulamento exporase ao público durante un mes trala súa publicación do BOP

Redacción
Sobrado

O pleno da corporación municipal aprobou, tamén por unanimidade, a creación dun Rexistro Municipal de Asociacións para Sobrado. Tamén se aprobou o regulamento

que vai rexer este rexistro, e que estará exposto ao público durante un mes. O obxectivo da creación deste organismo é o de servir como marco de colaboración entre o Concello e as actividades que se desenvolvan.

A contundencia do alcalde contrastou coas promesas inconcretas de Miramontes

O conselleiro de agricultura considera prioritaria a concentración parcelaria de Santiso

Unha partida de algo máis de dous millóns de euros é o que, segundo Ramón Villar, precisa agora Santiso para continuar o seu proceso de concentración parcelaria. E así llos pediu ao conselleiro de

agricultura “en nome dos veciños”. Miramontes, pola súa parte, amosou boa disposición para estudar os proxectos, aínda que pediu ao alcalde que establecese prioridades.

Redacción
Santiso

“Gustaríame atender todas as súas peticións, pero pídlle que estableza prioridades e que diga que é o que máis presa corre”. Así respostaba José Antonio Santiso Miramontes ao discurso do alcalde, co que el mesmo dixo quedar “impresionado”. Ramón Villar aproveitou a visita oficial do conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento rural do pasado 13 de xaneiro para solicitar a execución de tres proxectos que están presentados na Consellería desde hai anos:

-As estradas de concentración de Niñodaguaia-Serantes (738.514 €).

-As estradas de concentración de Novela-Liñares-Pezobrés (1.185.88 €)

- E o allanamento das terras en Visantoña (345.450 €).

Un total de 2.269.764



Villar amosouse do máis concluínte no seu discurso

euros para continuar a concentración parcelaria do Concello. Ademais, o alcalde quixo deixar claro ao conselleiro que, de non levar a cabo agora estes tres proxectos, “apagamos e marchamos”.

Miramontes, pola súa parte, comprometeuse a facer “o máximo esforzo posible” para solventar as peticións do alcalde, e asegurou que Santiso é un dos concellos galegos nos que a Consellería vai facer-

máis investimento económico, xa que, segundo o conselleiro, é un territorio no que a agricultura é rendible e e as explotacións son a base da economía dos veciños.

Sen embargo, pediu ao alcalde que establecese prioridades e evitou comprometerse a concederlle integramente a súa solicitude, xa que, “nestes momentos non teño feito o estudo e non sei se o podo facer todo”.

Unha visita e posterior comida que non gustou a todos

O concelleiro da oposición Luís García Campos declinou a invitación ao acto

Redacción
Santiso

Para o representante de Agrupación Veciñal de Santiso (AVS), Luís García Campos, a recepción do concelleiro de agricultura foi un “mero acto propagandístico do Partido Popular”. E a presenza de toda a corporación municipal non tiña outro propósito, segundo

el, que o de “arroupar a un alcalde incompetente”. Para García Campos, a partida que solicitou o alcalde ante o conselleiro é “insuficiente e se nos debe historicamente”.

Por todo isto, o concelleiro da oposición decidiu non asistir ao acto do pasado 13 de xaneiro e tampouco á posterior comida no Pazo de Vilardeferreiros, á

que asistiron os demais membros da corporación municipal así coma o conselleiro Santiso Miramontes.

Para o representante de AVS, esta comida foi “un despropósito” derivado do feito de que “aquí estase a buscar calquera tipo de pretexto para celebrar comilonas a cargo das arcas do vecindario”.

22 hectáreas e unha pequena industria no lugar do Coto (Palas de Rei), límite das provincias de A Coruña e Lugo

Milhulloa é a única empresa en Galicia dedicada ao cultivo ecolóxico

M^a Jesús, Carme e Joaquín decidíronse a dar o paso en maio de 2001. Os seus estudos de farmacia, bioloxía e empresariais respectivamente, supuñan un aval para o éxito, e complementados con 22 hectáreas de terreo cedidos por familiares e un pequeno investimento inicial, permitíron a posta en marcha da Sociedade Cooperativa Milhulloa. Desde entón pasaron catro anos nos que foron gañando clientes e facéndose cada vez máis coñecidos en Galicia e tamén no resto do Estado. Actualmente, os seus principais compradores son algunhas tendas especializadas en A Coruña en Santiago, os ecomercados de Vilaboa e

A Coruña, asociacións de consumidores de produtos ecolóxicos e o Balneario Río Pambre.

Pola súa actividade, que vai desde o cultivo ata a transformación e comercialización de produtos, recibiron xa dous premios. Agora están a desenvolver novas vías de actuación co secado de hortalizas ou verduras como método de conservación natural: a secadora elimina a auga dos tomates, nabizas, etc, conservando todas as propiedades do alimento. De seguro moitos galegos emigrados verán aquí un método ideal para comer grelos en calquera parte do mundo...

O primeiro paso é a selección de especies: autóctonas e vendibles



Aquí vemos algunhas da infusións de Milhulloa

Para elixir as plantas e especies vexetais que se iban cultivar en Milhulloa, os socios tiveron en conta dous aspectos principais: que a planta fose autóctona da comarca da Ulloa e que tivera algún valor comercial. Unha vez feito o estudo a pé de campo das especies existentes, analizado o terreo e rectificando o PH, decidíron dedicarse ao cultivo de milenrama, artemisa, arnica, caléndula, aciano, hipérico, menta, romero e, ultimamente, trigo.

Todo isto a través dun método de traballo totalmente ecolóxico, con abonos naturais e prescindindo de calquera síntese

química. Ademais, a semente é tamén natural, xa que eles mesmos a conseguen nun banco de semente propio.

UN TRABALLO RECOÑECIDO

Por todo isto, estes tres socios emprendedores recibiron en 2003 o Primeiro Premio do Certame de Premios Agrarios de Galicia, concedido pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, na modalidade de "Muller Emprendedora". E en 2004, foron agraciados co accésit da modalidade de "Innovación" da Feira Internacional da Semana Verde de Silleda". Toda unha fazaña...

O segundo: deshidratar o produto

Unha vez recolectada e seleccionada a materia prima, ésta precisa dun método de conservación para que non se deteriore. Mediante a deshidratación, os produtos conservan intactas as súas características durante un ano sen lles ter que aplicar ningún método artificial. Para iso, Milhulloa conta cun secadeiro industrial que funciona cunha bomba de calor eléctrica. Ademais, aprovéitano tamén para o secado de hortalizas e verduras, moi útil para a cociña de ingredientes naturais.

A transformación

As infusións son un dos produtos estrela de Milhulloa:

A de aciano é boa para os resfriados e tamén pode curar olleiras e irritacións nos ollos se a aplicamos sobre eles. A de caléndula é quen de curar a toseira e a ronqueira, e ademais milenrama calma menstruacións dolorosas.

Por outro lado están os oleatos (planta seca macedada en aceite), que segundo a mestura que leven, teñen propiedades diferentes; desde tónico capilar ata alivio de picaduras de insectos.

Ademais tamén obteñen froitas secas (para mueslis, infusións,..), sales de baño, sementes e plantas de viveiro.

Control de calidade

A calidade do produto final é un dos puntos máis importantes na empresa. Para isto, contan cun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago, que posúe unha parcela

experimental cedida pola cooperativa para "optimización do cultivo de plantas medicinais na Ulloa". A cambio, realizan as pertinentes análises de calidade do terreo e do produto.



Oleatos e sales de baño con ducias de propiedades diferentes, segundo a mestura

A Cámara de Comercio crea un observatorio económico para os municipios da zona

ASETEM acudiu ao acto de creación deste organismo xunto coas autoridades locais da comarca e outros axentes sociais

Redacción
Melide

A Cámara de Comercio e Industria de Santiago de Compostela crea este Observatorio Económico local a través da Antena Cameral da zona, que inclúe os municipios de Melide, Arzúa, Boimorto, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar. O obxectivo principal, segundo fontes da Cámara, é o de actuar

como instrumento próximo de detección de necesidades e problemáticas locais que sexan claves para o desenvolvemento empresarial da área de influencia. O acto de constitución celebrouse o pasado 17 de xaneiro no Concello de Melide. ASETEM estivo presente e acompañada de autoridades locais dos municipios afectados, así como de representantes

doutras asociacións e axentes sociais da zona.

Foi un acto presidido por Jesús Asorey (Presidente da Cámara) e Filomena Casal (Secretaria Xeral) e, os asistentes foron empuzados a unha nova reunión que se celebrará proximamente, na que se van debater as propostas que presente cada un dos colectivos para dinamizar economicamente a zona.

Propostas de ASETEM para Melide

Sector primario

- Concentración parcelaria das parroquias de maior importancia agropecuaria.
- Potenciación da feira de gando vacuno.
- Regularización dos mercados dos domingos no tocante aos postos de venda ambulante.
- Acondicionamento dos mostradores da praza de abastos.

Industria e outros

- Mellora das instalacións eléctricas do polígono.
- Apoio ao sector téxtil.
- Potenciación da "movida nocturna".
- Eventos de interese xeral no Pazo de Congressos.
- Mellora da estrada a Sobrado e a Visantofña.
- Creación dunha estación de autobuses e dunha oficina de turismo.

Subvencións de interese para empresas e comercios

A Consellería de Familia vén de publicar, no DOG do 22 de decembro, a resolución das bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para a creación de empresas de integración laboral da muller, das que proximamente haberá convocatoria. O prazo de solicitude remata o 28 de febreiro. Ademais, están vixentes outras actuacións como:

- Axudas a empresarios sen

- asalariados pola contratación do seu primeiro traballador fixo. (DOG do 9/3/04).
- Promoción da integración laboral de persoas con discapacidade (DOG do 18/3/04).
- Programa para o fomento da estabilidade no emprego (DOG do 26/3/04).
- Apoio financeiro aos investimentos de pequenas e medianas empresas (DOG do 30/1/04).

Convocatoria de cursos en ASETEM para o presente ano

O local da Asociación acolle cursos gratuítos para todas as persoas interesadas

A partir do 21 de febreiro:

Prevenção de riscos laborais

Ofimática (word, excel e access)

Realización condicionada á consecución dun mínimo de 15 alumnos:

Coordinador de seguridade en obra

Xestión de residuos

Implantación de sistemas de xestión de calidade.

Implantación de sistemas de xestión medioambiental

Soldadura

Grúa móbil A teórico

Enerxía solar

Operador de caldeiras

Adaptación ao novo regulamento eléctrico

Os interesados poden inscribirse ata o día 21 de febreiro nas oficinas de ASETEM en horario de 11 a 13 horas. Deberán achegar unha copia do DNI e da vida laboral.

ASETEM convoca un curso de conducción en condicións adversas para Semana Santa

O prazo de inscrición remata o 28 de febreiro

Redacción
Melide

Un curso novidoso para a comarca e útil para calquera persoa que teña carné de conducir. O curso de conducción en condicións adversas vaixe celebrar o próximo Xoves Santo nas rúas do Polígono Industrial de Melide. Terá unha duración de cinco horas e os participantes, un máximo de 48, poderán escoller horario de mañá ou de tarde.

O seu desenvolvemento corre a cargo da empresa especializada PTC Escuela, que achega

tamén todo o material necesario para o curso, incluídos os vehículos, da marca Alfa Romeo e dotados de todos os sistemas de seguridade activa e pasiva.

Divídese nunha parte teórica dunha hora de duración e outra práctica na que se van realizar exercicios como o slalom, frenada de emerxencia, curva deslizante, etc.

Os cursos teñen un prezo de 100 euros para socios de ASETEM e de 120 para non socios. Os interesados poden inscribirse ata o 28 de febreiro nas oficinas da Asociación.

A Comisión do Polígono buscará solucións aos problemas do parque empresarial

Redacción
Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide creaba o pasado 10 de febreiro a súa Comisión do Polígono, na que se integran todos os socios que teñan os seus negocios no parque empresarial da

vila.

O obxectivo desta agrupación é o de detectar os posibles problemas e deficiencias da área e buscar o xeito de pórllles solución. Esta nova comisión únese ás xa existentes en ASETEM, a do Comercio e a da Construcción.

O Concello non concede a ASETEM o uso do Pazo de Congressos

-A Asociación solicitou as instalacións para organizar unha Feira do Motor.

-O motivo dado é que o Concello vai organizar este evento.

Redacción
Melide

Membros da directiva de ASETEM reuníronse o pasado 21 de xaneiro coa concelleira de Cultura, M^a Xesús López, para solicitar o uso do Pazo de Congressos e Exposicións coa fin de organizar nel unha Feira do Motor para a próxima Semana Santa. A titular de Cultura respondeu co anuncio de que o propio Concello ten projectado organizar ese mesmo evento no mes de marzo, aínda que de momento non están concretadas as actividades. Desde a directiva de ASETEM, agardan que "realmente se faga unha feira boa, e que isto non sexa só unha desculpa para pór trabas á Asociación e impedir que sexa ésta a organizadora do evento".

Tradición e modernidade na Praza do Convento

A tecnoloxía da rodaxe da serie "Libro de Familia" convive na praza co atrezzo dos anos 60



A fonte de cartón-pedra confundiu a máis de un

Redacción
Melide

O domingo día 13 estreouse na TVG a serie producida por Editorial Compostela e rodada en Melide, "Libro de Familia". Ambientada nos anos 60, conta a historia

de tres familias que viven nunha vila do interior que recibe o nome de Santalla. As esixencias do guión fixeron que a Praza do Convento adoptase un aspecto que moitos xa tiñan esquecido e outros nin sequera coñecían.

30.000 euros da Deputación para actividades no Museo

Os fondos financiarán actos culturais e a posta en marcha de publicacións

Redacción
Melide

O Vicepresidente da Deputación de A Coruña, Xaime Bello, e mailo director do Museo Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, asinaban o convenio de colaboración o pasado 20 de xaneiro, nun acto no que estiveron presentes tamén o deputado de cultura, Celestino Poza, e a deputada e voceira do BNG, Socorro Cea.

A partida de 30.000 euros do organismo provincial destinarase a sufragar gastos de montaxe e mantemento etnográfico, gastos de funcionamento do local, honorarios dalgúns colaboradores e a posta en



TORRECILLA

O convenio asinouse o pasado 20 de xaneiro

marcha dalgúñas publicacións.

Xaime Bello destacou no acto "o importante labor que os museos como o de Melide desenvolven no espallamento da cultura e na difusión do patrimonio

histórico e monumental da nosa terra". Pola súa parte, o director do Museo agradeceu a colaboración que permitirá "pór en valor elementos que son testemuños da nosa historia".

Melide celebrou o seu Entroido e repartiu 1.380 euros en premios

O Concello organizou diversos actos para pequenos e maiores

Redacción
Melide

O Entroido chegaba a Melide o sábado 18, sobre todo para os máis pequenos, xa que tiveron a oportunidade de ver tres das películas que máis gustan á mocidade: Shrek 2, Los Increíbles e Catwoman, todas elas proxectadas no Edificio Multiusos.

O domingo tamén foi un día para a xuventude. A discoteca Zoe de Melide abriu as súas portas aos máis novos para que gozaran dunha festa vaqueira de entroido con música, xogos e caramelos.

Xa o luns, foron os non tan nenos os que puideron acudir á gran macrofesta do Pazo de Congressos, na



Máscaras da festa do luns no Pazo de Congressos

que actuaron tres orquestras a partir das dez da noite.

Foi o ensaio preliminar para o día grande: o martes de Entroido. O mañá estivo reservada de novos aos nenos, con xogos acuáticos na piscina municipal. Xa pola tarde, houbo unha gran chocolatada gratuíta que precedeu o pasarrúas

das máscaras desde o Canton de San Roque ata o Pazo de Congressos.

Alí se repartiron os 1.350 euros de premios en metálico, 300 euros para comparsas da vila, e os demais repartidos entre as mellores máscaras.

Rematou a noite cun baile de disfraces a modo de despedida do Entroido.

ASETEM colabora coa 1ª copa galega de kayak extremo

Redacción
Melide

A Federación Galega de Canoaxe organizou este campionato na fin de semana do 12 e 13 de febreiro. Os participantes mediron as súas forzas baixando nos kayaks polas torrentes de Mácara e Ramil, na zona do Alto Ulla. No acto colaborou a Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla así coma os Concellos de Agolada, Monterroso e Palas de Rei. Tamén diversas asociacións e empresas, entre as que se encontra a Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), que achegou os trofeos aos participantes.

A xornada rematou na tarde do domingo cunha exhibición de xogos populares e coa actuación de diversos grupos musicais.



A discoteca Zoe acolleu unha festa vaqueira

O Concello de Melide queda primeiro de grupo no concurso "Andaina" da Radio Galega

As concursantes, coa colaboración de veciños e oíntes, conseguiron 1.345 puntos o pasado 14 de xaneiro

Redacción
Melide

Melide conseguiu gañar a Vilasantar, Sobrado, Toques, Santiso e Betanzos, os Concellos cos que competía nesta primeira fase. As concursantes María e Mayte contestaron a 17 de 20 preguntas curtas formuladas por Pichi Varela, cantaron o bolero "Si nos dejan" e recitaron un poema. Pero o popular presentador retou ás concursantes con outras probas nas que precisaron da colaboración doutras persoas: a receita dos melindres, a data exacta da construción do monumento ao Almirante Brawn e a consecución de cinco impresos de entidades bancarias de Melide



Pichi Varela e as dúas concursantes

foron algúns dos retos acadados.

Segundo informou a Radio Galega a este xornal, será previsiblemente a finais de abril cando comece a segunda fase do concurso, na que os concursantes de

Melide terán que se enfrontar cos gañadores de outras zonas de Galicia.

Hai premios aos catro mellores: viaxe dunha semana por Galicia, PC's portátiles, axendas electrónicas e cámaras dixitais.

Melloran as instalacións do CIRE

Redacción
Melide

Novos calentadores, desaugue e limpeza nos vestiarios e asistencia dalgun directivo aos entrenamentos unha vez por semana. Son algúns dos cambios experimentados no clube de fútbol CIRE de Melide, que ata hai un mes tiña problemas coa hixiene dos vestiarios e co abastecemento de auga quente. Ademais, fontes achegadas ao clube din observar un "cambio de actitude" por parte dos membros da directiva, xa que están máis "pendentes dos nenos".

Agora só queda agardar o novo campo de fútbol prometido polo Concello.

Melide e as terras veciñas protagonizan o libro de Broz Rei

Tres anos de traballo recollidos en 600 páxinas

Redacción
Melide

Santispíritus de Melide é o título do traballo do director do Museo Terra de Melide, Xosé Manuel Broz Rei. Trátase do produto final de máis de tres anos de traballo de investigación traducidos nunha historia novelada do convento de Santispíritus. Está ambientada no século XIX e acompáñase de máis de cen debuxos do propio autor de todas as terras veciñas que tiveron relación con este convento: Terras da Ulloa, Basadre, Moreda, etc. Ademais, na parte final das súas 600 páxinas aparece un resumo dos documentos exis-

tentes sobre Melide, que están hoxe nos arquivos de Madrid, no Universitario e Catedralicio de Santiago e no do Reino de Galicia de A Coruña.

É de destacar o feito de que foi o propio Broz quen correu a cargo da edición da obra, cunha tirada limitada de 400 exemplares cos que se regala unha lámina da igrexa de S. Pedro.

A obra foi presentada o pasado 28 de xaneiro no Museo, coa presenza do autor, do secretario do Museo, Benedito Álvarez, do compañeiro do autor, Manolo Castro, e do xornalista e escritor melidense Xosé García.

6.000 euros para o gañador do V Certame de creación literaria

O prazo de presentación das obras remata o vindeiro 15 de marzo

Redacción
Melide

O Concello de Melide convoca o V Certame de creación literaria "Terra de Melide", que conmemora ao Grupo Nós e aos seus colaboradores melidenses, quen nos anos 30 do pasado século traballaron polo desenvolvemento cultural de Melide.

Éste é o quinto ano no que

se celebra este certame en Melide, e os seus participantes optan a un premio de 6.000 euros e tamén á posibilidade de ver publicada a súa obra.

Os melidenses de boa pluma teñen ata o próximo 15 de marzo para presentar as súas obras, e coñecerán a decisión do xurado o vindeiro 7 de xuño nun acto público.

BASES DO CERTAME

1. Poderán concorrer todos os autores/as cunha única obra narrativa (novela ou relato) de temática libre, en galego (con liberdade normativa) e cunha extensión mínima dunhas setenta páxinas.

2. As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas, non premiadas noutros concursos e escritas en lingua galega. Presentaranse por quintuplicado, en tamaño de folio DIN A4, macanografadas a duplo espazo por unha soa cara, debidamente grampadas ou encadernadas, baixo plica, sen remite, co título da obra e un lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor.

3. O premio está dotado de 6.000 euros. Compete ao xurado outorgar o premio ou deixalo deserto ou ademais salientar unha obra como finalista do certame.

4. O xurado estará constituído

por cinco integrantes, alén dunha presidenta (alcaldesa) e un secretario/a, que non terán nin voz nin voto.

5. O Concello de Melide garante a publicación da(s) obra(s) gañadora(s), reservándose os dereitos da primeira edición. A(s) obra(s) premiada(s) será(n) publicada(s) por Francka Editora.

6. A decisión do xurado presentárase nun acto público o día 7 de xuño de 2005.

7. As obras deberán enviarse antes do 15 de marzo de 2005, data na que remata o prazo de presentación, á Secretaría Xeral do Concello de Melide, praza do Convento nº 5, Melide, A Coruña.

8. A interpretación das bases correspóndelle unicamente ao xurado. Polo simple feito de participar, o autor/a comprométese a acatalas.



Joyería
Oro Ley

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)

Telf.: 981505468

Encol da Autovía Lugo-Santiago

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS. EX-CONCELLEIRO DO BNG DE MELIDE

Nos últimos meses, estase a gastar “moita pólvora fina en gorrións”, nos medios de comunicación social, a respecto do trazado da autovía Lugo-Santiago, ao seu paso pola Terra de Melide.

O que pasou até o de agora, política e administrativamente, sobre o proxecto orixinal do trazado da autovía pola Terra de Melide (estando afectado o estremeiro leste da Serra do Careón por un L.I.C - Lugar de Interese Comunitario-, dentro da Rede Europea Natura 2000, a proposta da Xunta de Galicia en data de once de marzo de 1999), a nivel de responsabilidades, témo-lo que aparcar niste intre e xá haberá tempo para “tirarnos das orellas”.

Agora temos que ser prudentes, pacientes e, ao tempo, discretos. Temos que agardar a resolución da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia sobre o PORN (Plan de Ordenación de Recursos Naturais), próxima a saír e que, no caso de ser en sentido positivo para nós, liberaría un ou máis corredores do LIC-Serra do Careón para poder tracexar un cambio da autovía por Melide.

As diversas administracións (Estado e Comunidade Autónoma)

teñen dados reais e contundentes de que Melide e bisbarra é a vila e zoa xeográfica da dorsal galega que máis medra e que máis servizos ten, na encrucillada dos dous eixos: Betanzos-Lalín mais Lugo-Santiago, así como neste eixo destaca tamén a vila de Arzúa.

Están certos alcaldes da bisbarra do Deza alarmados por perdírmonos, Melide e a súa bisbarra, que a autovía pase a carón de Melide, botando as mans á testa e incluso con apoios do Presidente da Xunta, D. Manuel Fraga Iribarne, que coido que nese intre o seu celebre non reflexionou. Ten que facer exame de conciencia, xa que un presidente da Xunta débese a toda a cidadanía, e non a ningún “clan” en particular. A bisbarra do Deza está moito ben desenvolvida e vertebrada a nivel de infraestructuras de todo tipo. E nós, como cidadáns da Terra de Melide, temos que loitar por conseguirmos, dada a nosa situación xeográfica e desenvolvemento, unha millor vertebración viaria, polígono industrial (ampliación), PXOM, etc. E, por suposto, que a autovía Lugo-Santiago pase a carón de Melide e máis do actual polígono industrial e os terreos da súa necesaria ampliación.

Por iso, de momento, non é hora de colgar medallas de ningún tipo polas xestións a prol de que a autovía pase por preto de Melide. É tempo de prudencia e tempo de optimismo melidá. E chegado o momento xa se proporá o millor trazado, sempre co asesoramento dos técnicos oficiais da Demarcación de Carreteras do Estado. Se o PORN é favorábel ao trazado “melidá”, temos que estar preparados e elaborarmos unha contundente alegación sobre a desfeita do actual trazado provisional.

E para rematar, lembrar-lles aos nosos conveciños da Bisbarra do Deza que nós, a “Terra de Melide”, temos o dereito e a obriga de loitar por unha Bisbarra que ten que desenvolverse e vertebrarse axeitadamente.

En vindeiras colaboracións con “Cerne”, xa tratarei temas como a Ponte de Loño-Beigondo e a estrada Vila de Cruces-Melide.

E, lectores, tan irracional é que os do Deza queiran que pase a autovía pola beira de Agolada, como que os da Terra de Melide quixeramos que a autopista Santiago-Ourense pasara preto da Terra de Melide.

Saúde e bon siso.

Cuestión de principios

DAVID BARRIO. SINDICALISTA

Estamos a asisitir a unha tremenda crise de identidade, de cara ás institucións e a quen as representan. A dúbida e a suspicacia ante calquera organización ou ente dase por engadida, falla de credibilidade nos políticos, gobernantes, rexedores, en resumo, en todos os dirixentes ou responsables de calquera organización, independentemente de que sexa política, social, cultural, incluídas as ONG's, ademais da propia Xustiza e do propio cumprimento do deber diario.

E onde hai limpeza, honradez e transparencia, xa se sembran nubes de fume para que todo apareza borrascoso.

É penoso e deprimente, que cando algo se constitúe e organiza para traballar ou defender calquera fin, antes de analizar os propósitos para os que se creou, xa se estea desconfiando e especulando sobre cál é a dobre fin do obxectivo ou qué escuros intereses se manexan. Cando alguén asume a responsabilidade de gobernar ou dirixir, xa outra vez se dá por feita a suspicacia.

Está claro que para que exista unha crenza xeralizada e unha tremenda apatía e unha ampla falta de credibilidade nun censo da sociedade, tivo que haber motivos e feitos. Tamén é certo que os prexulgamentos soen ser, na maioría dos casos, trabucados e,

sempre, moi perigosos. A todo isto, teño que dicir que moita xente escápase a esta queima, xente que tivo principios e os mantivo como bandeira, e non só pola honestidade e honradez que amosaron nos predicamentos que foron amosando ao longo do tempo, esixindo transparencia nas súas accións dentro do marco funcional, ocupacional, territorial e social que os incumbe.

A sociedade necesita desta xente, pero para que isto suceda debemos crear un campo de cultivo, non esquezamos que da semente nace o froito. Namentres non sexamos capaces de dicir vocablos tan difíciles de pronunciar como SI e NON, e para definirmos empreguemos sinónimos como DEPENDE, XA O VEREMOS, AO MELLOR..., mensaxes en todo caso moi ambigüos. Pero, sobre todo, mentres nos esteamos pronunciando en función do custo e do beneficio, seguiremos tendo unha sociedade de trepas, manexada por interesados e sen defender criterios de aplicación racional e de xustiza social.

En resumo, un veleiro en alta mar sen patrón que marque un rumbo por medo a trabucarse, e á sorte de calquera onda que o bascule.

P.D.- Todos os personaxes que poidan verse reflectidos neste escrito non son froito da casualidade.



Cruce de estradas de Melide, nas festas do San Roque do ano 1.964. Pódese observar o surtido de bencina, quiosque e casetas. Fotos Arturo, Melide 1.964.

Véndese memoria colectiva en bo estado

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

Empeza a ser complicado manter as orixes e os lazos que nos unen ao sitio onde nacemos.

Desde fóra dá a impresión de que a xente nova escapa ás cidades renegando do que é, do mundo no que se criou e co que se identificou sempre, pero é certo que é difícil ver alternativas. As aldeas estanse a converter en pequenas -e ás veces inmensas- pezas de museo conservadas polos fríos das xeadas e ás que, posiblemente, axiña se organicen rutas turísticas.

Ninguén comprendería que os esquimós pagasen a prezo de ouro viaxes para ir á neve, pero ata niso os galegos temos que ser distintos, e botamos man dun turismo rural que non é máis ca un día calquera

vestido de domingo.

Esa sería a realidade que nos agardaría se coidásemos cun mínimo de mimo o noso entorno, pero como é máis doado importar modas turísticas e adaptarse a culturas alleas que nos crean o sentimento da renuncia ao que realmente somos, acabamos vendendo as nosas lareiras aos que viven entre semana nalgunha das cidades galegas e volven cada venres para marchar logo cos coches cargados de sacos de patacas e nabizas da casa.

Mais non levan nesos lotes o esforzo dos pais que quedan alí, traballando para que poidan manter, entre o ruído dos coches das dobres vías uns hábitos de vida, cando menos, semellantes aos que

deixan nas aldeas.

Pero hai cousas que non caben na parte traseira dun coche. Aínda non se inventou a botella na que se poida levar o ulido da terra cando, despois de chover, volve saír o sol. E tantos e tantos xestos que residen nas engurras dos vellos das nosas aldeas, que dan vida a eses recunchos de cultura viva que agora a modernidade vende por paquetes de fin de semana. A cultura do respecto ao medio pérdese cando todo o horizonte adquire a cor gris do cemento e a vista se anubra polo tupido velo dos fumes das cidades. Nesos recunchos marróns nos que se abriga o noso pasado vive tamén o xermolo dun futuro que sempre aproveitar xa, antes de que sexa tarde de máis.

Mundo Misterioso Momias e embalsamados

ÁNGEL CURTIS

Instintivamente aferrámonos a que os nosos corpos e os dos nosos seres queridos, non é xusto que se descompoñan e se perdan para sempre. Outro factor importante quizais sexa o que a través dos tempos, case todas as relixións creron no concepto dunha nova existencia despois da morte.

Por esa razón os Exipcios embalsamaban os seus mortos. Tamén no século XX, as civilizacións occidentais despertaron un enorme interese por conservar o organismo despois de morto, aínda que por razóns obviamente diferentes ás dos Exipcios. Os homes primitivos observaron que en certas condicións de temperatura e humidade, os cadáveres non se descompoñían; un cadáver caído en un glaciar ou ben nun deserto de area, tardaban moitísimo tempo en se descompor.

O embalsamamento exipcio era brutal, abríase o cadáver, extraíanse o estómago e outros órganos que se colocaban nunha especie de xerras. O interior das cavidades do corpo bañábanse en viño de palma, algo semellante ao alcol, logo empapábase o cadáver en salmoeira e deixábase unhas semanas así, antes de ser envolto en vendas e colocado nun cofre de madeira.

Coa era cristiana desapareceron os embalsamamentos,

pois os cristianos primitivos considerábanos paganos. En tempos medievais xurdiu de novo, pero só para persoas importantes e poderosas, como reis, príncipes e papas. Hoxe en día o embalsamamento é algo moito menos macabro, e está moi sofisticado. A fórmula consiste no corte da pel na rexión da ingle, a axila ou o pescozo, e na disección dos grandes vasos sanguíneos que corren por debaixo. Extráese todo o sangue do organismo e introdúcense varios litros de líquido embalsamador, outros embalsamadores introducen unha agulla oca no abdomen e a fan chegar ata o corazón, extraendo desde alí o sangue. Hoxe maquillase o cadáver para que teña un mellor aspecto, en moitos casos mellor do que tiña en vida.

Na actualidade utilízanse sobre todo os métodos de orioxénese, que consisten en someter o cadáver a temperaturas baixísimas, esperando a que o día que se poida curar a enfermidade que causou o falecemento, prodúzase a volta á vida do mesmo. É un método coñecido, pola súa aparición recente nos medios de comunicación, non moi popular polo seu alto custo.

Ao final, todo isto non é máis que o desexo de pórle trabas ao irreversible da morte, e o reto sublime para os científicos.

O Melide de onte



Fotos artísticas de "Adolfo" de finais dos anos setenta, despois da remodelación do vello Campo da Feira, actual Cantón de San Roque. Como vemos, servían como postais de Nadal que moitos melidenses enviaban aos seus parentes emigrados. Evocan aqueles tempos nos que a neve era máis habitual nestas terras.

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051

E-mail: angelcurtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com

Teléfonos de interese

URXENCIAS	Casa da Cultura	981507100
UrxenciasSanitarias.....061		
Bombeiros.....080	Consevatorio	981507100
Incencios Forestais.....085	Polideportivo	981507752
ORDE PÚBLICA	Centro Social da 3ª Idade	981505706
Policía Municipal	Parada de Taxis	981505390
Urxencias.....092	Albergue Xuvenil	981507412
Melide.....981505003	Albergue do Peregrino	660396822
Policía Nacional091	Centro Ocupacional	981505003
Garda Civil	A.S.E.T.E.M	981506188
Urxencias.....062	Fundación Terra de Melide	981507244
Melide.....981505007	I.E.S. de Melide	981505162
S.O.S	C.E.I.P nº1.....981505238	
S.O.S Galicia.....112	C.E.I.P nº2.....981505929	
Protec.Civil.....670498848	Gardería.....981505003	
TRANSPORTES	SANTISO	
Renfe	Casa do Concello	981818501
Nacional.....902240202	Centro de Saúde	981517803
A Coruña	Agrochao.....981517803	
Santiago	Visantofña.....981510749	
Autobuses	Xulgado de Paz	981 818501
A Coruña.....981239099	SOBRADO	
Santiago.....981542416	Casa do Concello	981787508
Melide.....981505204	Desenvolvemento local	981787508
Aeropostos	Centro de Saúde	981787744
A Coruña.....981187200	Mosteiro de Sobrado	981787509
Santiago.....981547500	Xulgado de Paz	981787508
Vigo.....986268200	TOQUES	
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	Casa do Concello	981505826
Atención ao cidadán	Centro de Saúde	981507301
981120012	Xulgado de Paz	981505826
Valedor do pobo		
981571900		
Economía facenda		
981545151		
Industria e Comercio		
981544341		
Sevizo Galego Colocación		
981125000		
Teléfono da Muller		
900400273		
Teléfono do Menor		
900444222		
Dirección Xeral de Tráfico		
900125505		
Correos.....902197197		
Auga.....981242322		
Electricidade.....981147200		
Gas.....900760760		
MELIDE		
Casa do Concello		
981505003		
Centro de Saúde		
981506176		
Servizos Sociais		
981505012		

Autobuses

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á Cafetería Marta	Domingos e festivos:
A CORUÑA - MELIDE	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
De luns a Venres:	20.20
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Parada fronte á Pizzería Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres lectivos)
MELIDE - FERROL	Sábados:
De luns a venres:	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Non hai liña	19.25
Sábados:	Domingos e festivos:
19.15	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
Domingos e Festivos:	20.50
19.15	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Parada fronte á Cafetería Marta	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
FERROL - MELIDE	Luns a venres laborables:
De luns a venres:	Saída de Fondevila: 10.20
Non hai liña	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último de mes:
10.30	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00
17.00	Último domingo de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 7.45
De luns a venres:	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
Sábados:	Martes e venres laborables:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Folladela: 8.30
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 12.30
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	Domingos excepto último de mes:
20.00	Saída de Folladela: 8.40
Parada fronte á Cafetería Marta	Saída de Melide 13.00
OURENSE - MELIDE	Último domingo de mes:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados:	
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	
19.15	
Domingos e Festivos:	
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	
21.00	

Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.

Actos

FEBREIRO

Do 19 ao 26

Excursión dos rapaces de Melide á estación invernal de Candanchú (Huesca), dentro da campaña de esquí 2005.

Luns 21

Límite de prazo para inscribirse nos cursos convocados por ASETEM de prevención de riscos laborais, ofimática, coordinador de seguridade en obra, implantación de sistemas de xestión de calidade ISO 9001, implantación de sistemas de xestión medioambiental, soldadura, grúa móbil A teórico, enerxía solar, operador de caldeiras e adaptación ao novo regulamento eléctrico.

Luns 28

Límite de prazo para inscribirse no curso de conducción en condicións adversas convocado por ASETEM e impartido pola empresa coruñesa PTC Escuela.

MARZO

Martes 1

Inscripción nos cursos de natación da piscina climatizada

Martes 8

Celebración do Día Internacional da Muller Traballadora con diferentes actividades ao longo de todo o día.

Martes 15

Remata o prazo de presentación das obras do V Certame de Creación Literaria Terra de Melide, dotado con 6.000 euros para o gañador e a publicación da obra.

Manuel Varela comezou cun empregado no ano 1985 e agora son xa doce

Traspome e Muebles Paula son hoxe dúas das empresas máis consolidadas da comarca

Despois duns anos de traballo nunha fábrica de transformación de espuma en Barcelona, Manuel Varela decidiu regresar a Melide e probar sorte como empresario. Primeiro cuns baixos en alugar no centro da vila e logo coas naves que hoxe ten na Madanela, o negocio foi evolucionando ata consolidarse como unha das empresas fortes da comarca, con vendas maioristas en toda Galicia e Asturias.

Tras pasar por un bache importante no ano 1996 derivado do incendio dunha das súas naves, recibiu o Premio ao Empresario do Ano en 1997, outorgado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide.

Hoxe, este empresario ve expectativas de futuro para o seu negocio a longo prazo, xa que, aínda cando el colla o retiro, cando menos un dos seus fillos ten pensado continuar o labor do pai.

Redacción
Melide

Tralo peche da fábrica catalana na que traballou Manuel Varela cando emigrara, decidiu voltar á súa vila natal e aplicar os coñecementos adquiridos para establecer unha empresa de transformación de espuma. Xa casado e cun fillo, os comezos no ano 1985 non foron fáciles...

¿Como foron os seus primeiros anos como empresario?

Empecei cun empregado nun baixo de Melide cortando espuma. Pouco a pouco empezamos a funcionar e chegou un momento no que tiña tres ou catro baixos alugados. Tiña que estar aquí e acolá e entón decidimos facer estas naves. Despois compráronse unhas máquinas para pechar os colchóns e fabricalos aquí por completo, que é o que seguimos facendo.

¿Como empeza no mundo do moble?

Foi no 1990 a través dun representante que vendía os nosos colchóns e traía tamén mobles de varias casas. Unha delas, de Logroño, dáballe mal servizo, e propúxome un negocio con ela para facermos a distribución deses mobles desde aquí. Iniciouse o negocio do moble como quen non quere a cousa, porque eu non tiña intención de meterme nese mundo para nada. Pero pouco a pouco fomos aumentando a distribución e hoxe temos un amplo catálogo.



Manuel Varela é xerente e propietario de Traspome e de Muebles Paula

Non son fabricantes de moble pero ¿teñen pensado nun futuro empezar a fabricar desde aquí?

Non, porque non hai xente para fabricar, senón, se cadra, teríamos unhas quince ou vinte persoas facendo mobles para nós, porque traballamos con fábricas de Sarria, de Cuéllar en Segovia e de Portugal. Pero aquí os carpinteiros que hai traballan por conta deles e non hai xente preparada, que saiba tamén deseñar.

TRES FOCOS DE NEGOCIO

¿Como están a funcionar as vendas?

Nós dedicámonos a tres cousas diferentes. Primeiro, o transformado de espuma para fábricas de tresillos e tapicerías de reparación de toda Galicia. Segundo, venda de mobles e colchóns a nivel Galicia

e Asturias. Temos un representante na zona A Coruña-Lugo, outro en Ourense-Pontevedra e outro en Asturias.

E terceiro, a tenda de venda ao público.

No mercado de Galicia levamos vinte anos traballando e xa están os clientes feitos, aínda que hai que moverse e visitalos periodicamente porque a competencia está aí, pero a venda maiorista vainos ben. E na tenda, dentro da competencia que hai hoxe, tamén estamos traballando bastante ben.

¿Compra na tenda a xente de Melide, ou máis ben de fóra?

Máis da metade das vendas son para Melide, pero temos un mercado bó en Santiago, e en A Coruña temos un cartel publicitario na Avenida de Alfonso Molina que xa leva cinco

ou seis anos, e, por exemplo, o outro día vendemos a unha xente de Vigo.

¿E como leva a competencia coas grandes áreas comerciais das cidades?

As grandes superficies fannos dano aos pequenos, pero nós aquí temos 2.000 metros cadrados de exposición e, queiras que non, non é igual ver catro dormitorios que ver corenta.

O PREMIO AO EMPRESARIO DO ANO

¿Qué supuxo para vostede este premio?

Nós tiveramos aquí un percance cunha das naves, que ardeu toda debido a un descuido dunha empresa de soldadura á que se lle encargara un traballo. Non houbo vítimas persoais, pero valoráronse as perdas en noventa millóns de pesetas, e eu daquela tiven a dúbida de se continuar

ou quedar atrás. Pero como aínda era novo e sempre tiven iniciativa empresarial, decidimos continuar. Durante un ano tivemos que alugar uns baixos, pero fomos hábiles e non perdemos cuota de mercado ningunha. Pasamos un mal momento, pero superámolo, e ao ano seguinte estaba a nave montada de novo. Eu penso que o premio veu un pouco a raíz daquilo ¿non?

OS PROBLEMAS DE MELIDE

¿Que opina do descenso de poboación de Melide no pasado ano?

A min parécese fatal, é unha noticia que debe de facer pensar qué é o que falta ou o que non funciona. O pobo, desde logo, non ten a culpa, porque a xente aquí de Melide é traballadora e emprendedora.

¿Que lle falta a Melide?

Eu creo que Melide nunca estivo patrocinado nin está. A min pasoume centos de veces o feito de chegar onda un cliente de Vigo, de Pontevedra ou de Viveiro que me pregunta: ¿que tal estades alá por Arzúa?. E eu dicir, pero bueno, levo vinte anos visitándote e aínda non sabes que son de Melide... ¿Porqué todo o mundo coñece Arzúa ou Lalín e ninguén coñece Melide? Eu creo que había que patrocinalo mais e pór todos algo da nosa parte, incluso a nivel administrativo, político, para que se saiba onde está Melide, qué é Melide e qué se fai en Melide.

Faite oír
con nosa voz

Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 3. 15 de febreiro - 15 de marzo de 2005. Distribución gratuíta.



Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)



Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158

Cerne Terra de Melide ofrece a todos os veciños a posibilidade de colaborar achegando todas as súas ideas, suxestións ou calquera outra cousa que consideren oportuno que se publique neste xornal. Como xa manifestamos no primeiro número, este á un medio de comunicación aberto a toda a cidadanía da comarca da Terra de Melide e, como tal, as nosas páxinas sempre terán espazo para o público.
Gracias polo seu apoio.